

III CERTAME
de
**RELATO
CURTO**

Limiar

Benqueridas lectoras e lectores, tedes nas vosas mans o resultado do III Certame de Relato Curto organizado pola FANPA. Con el pretendiamos dar continuidade á ilusión compartida das pasadas edicións de fomentar a creatividade artística no seo da familia e darlles luz e presenza aos novos valores. Agora presentamos este libro, froito da implicación de toda a comunidade educativa e da vosa amábel, nutrida e valiosa participación que nesta edición se achegou aos oitocentos relatos, o dobre da pasada convocatoria.

Escribir é unha potente ferramenta de creación, é unha válvula onde plasmar soños, desexos, loitas, sentimentos, valores... que deixan voar a nosa imaxinación para convertérense en auténticas historias ficticias, en verdadeiras ideas de vida que, narradas con arte, nos alegran as meniñas aos que amamos a lectura e nos fan gozar un pouco máis desta escola que é a literatura. Se ademais este modo de expresión o facemos na lingua das galegas e galegos e dunha forma natural, estaremos facendo unha importante achega á esencia da vida e á nosa cultura.

Con esta edición comeza unha nova iniciativa, coa que as nais e pais queremos facer a nosa homenaxe particular a unha escritora ou escritor que durante anos contribuíse a que os nosos fillos e fillas aprecien a lectura e a que medrasen felices. Para iso, en cada edición publicarase o relato curto dunha persoa profesional das letras feito expresamente para o libro ou escollido

por esta da súa propia produción. Sen dúbida, será unha referencia para os futuros participantes do certame de relato curto. Nesta edición homenaxeamos a Fina Casalderrey, grazas pola túa participación.

A FANPA agradece a colaboración e apoio, unha vez máis, da Concellaría de Normalización do Concello de Pontevedra e do Departamento de Cultura da Deputación Provincial de Pontevedra, pero tamén a valiosa achega de recursos materiais e humanos da Editorial Kalandraka e doutras empresas como a da mensaxería ASM Mensavedra, do Diario de Pontevedra, de Gadis e de Abanca.

Grazas, tamén, ao ilustrador do libro, Marc Taeger, e aos membros do xurado polo seu compromiso social e por regalarnos o seu tempo para a escolla obxectiva e rigorosa das mellores creacións de todas as presentadas e da selección final dos catro gañadores.

Todos, participantes, institucións, colaboradores e membros do xurado, fixestes posible que este libro cobre vida unha vez máis e sexa un escaparate para facer máis visibles os escritores e escritoras noveis e afeccionados, quen sabe se xerme dunha nova fornada. Grazas, estimadas autoras e autores, por transmitirnos cos vosos relatos historias que nos fan soñar e que, sen dúbida, se converterán en vida entre as mans de quen os lea. Por iso, este é o mellor premio que vos podemos dar: vivir en medio de todos os lectores.

ROGELIO CARBALLO SOLLA
Presidente da FANPA

BAILES PERFUMADOS

«Fóra, o mundo semella unha mentira.»
(Parábola do incrédulo. Manuel Álvarez Torneiro)

A Encarna Sánchez

Son as seis da tarde e o día vólvese noite. Decembro ten esas cousas.

Os dous amigos deciden, por fin, facerlle unha visita a Xián. Noutro tan xuntos andaban os tres que, entre a veciñanza, se referían a eles polo alcume común de mosqueteiros; mais dende que, con doce anos, unha desas enfermidades raras comezou a coutar os soños de futuro de Xián, a relación foise espazando ata se volver inexistente. Cústalles assimilar o drama dun rapaz ao que a fala e a capacidade de se soste en pé o foron abandonando co sixilo dun asasino silencioso.

Antes de premer no timbre, axexan pola ventá.

Dentro, a radio está prendida e unha emisora de música clásica enchoupa o salón de maxia. Na cheminea os rachóns de carballo aturuxan ao compás da melodía.

Fóra, dous pares de ollos pegados ao cristal non perden detalle do que acontece no interior. Permanecen abertos ata a esaxeración, non poden dar creto do que ven. Ao carón daquela luz contraditoria do lume descubren a Xián bailando cunha muller no salón da súa casa!

–Pero se leva anos na cadeira de rodas! É totalmente imposible que o aguanten as pernas! –bisba, á fin, un deles.

–Semellan dous bonecos dunha caixa de música dando voltas. Non se moven do sitio! –muiñou o outro.

O corazón quería saír pola boca e bater contra o cristal. Non tiveron valor para chamar á porta e fuxiron espavorecidos, sen recoñecer a moza coa que bailaba.

Coma cada tarde de domingo, a nai de Xián enxugou as bágoas pulidas en solitario, sacou o uniforme de tristeza e colocou unha prótese de ledicia para se converter en rexia carballa e nutrir de soños o corpo represado de Xián. Achegouse á cadeira de rodas, colocou os pés inertes do fillo sobre os seus pés, coma cando era un cativo. Rodeou o seu pescozo cos braciños delgados e inmóbiles do fillo, suxeitouno pola cintura e púxoo en pé. Nai e fillo bailan agora na tempestade calma da tenrura. El, uns ollos de alba aberta; ela, un cabalo de cartón trotando con forza sobrehumana polas sombras.

Son bailes clandestinos, perfumados con sobredoses de cariño.

Na radio soan agora *As catro estacións* de Vivaldi. Tamén ela é nai en calquera estación.

FINA CASALDERREY

A Fina Casalderrey

Que co teu lapis perfilas a nosa imaxinación

Porque es unha das autoras que máis está presente nos andeis das nosas casas, porque nos gustan as túas historias que divirten e agariman os nosos fillos e fillas, os seus avós e, como non, a nós mesmos, porque nos alumeas o camiño do mundo da creatividade, da imaxinación, do entendemento, da aventura, das ilusións, dos sentimentos. . . , porque nos ensinas a ser mellores, a amar a nosa lingua e a ser máis felices.

Fina, grazas por agasallarnos co teu fermoso relato *Bailes perfumados*. A tenrura da nai de Xián semella a túa cos lectores. Grazas polo teu cariño e afecto, pola túa dedicación e entusiasmo, polo teu apoio e compromiso social, por facernos copartícipes a todos, dá igual a xeración que sexa, do gusto pola lectura pero tamén pola creación. Grazas por dignificar e prestixiar a nosa lingua, ás veces eivada coma o teu personaxe Xián. En definitiva, grazas por ser a escritora de todos porque, aínda que ti non o saibas, nalgún momento das nosas vidas nos abrazamos aos teus relatos e bailamos coas túas verbas igual que nai e fillo, igual que Xián e a súa nai. . .

. . . en calquera estación.

Nais e pais da provincia de Pontevedra

CATEGORÍA
de
PRIMARIA

primaria

GAÑADOR NA CATEGORÍA DE PRIMARIA

TEO DOMÍNGUEZ BARREIRO

3.º curso, CEIP Álvarez Limeses (Pontevedra)

A LONGA ESPERA

Era de noite. En toda a casa estaban durmindo. Levaba case nove horas sen que xogasen comigo.

Ás oito oíanse ruídos de alarmas, portas, os vasos, a ducha, as rodas das mochilas, o microondas, un neno berrando: «Esquecín facer os deberes», e choros. O último ruído foi o da porta da entrada e despois un longo... longuísimoo silencio. Esquecéranse de min...

Pasaron cinco horas e media e volveron os nenos, os pais e tamén o barullo. Ás tres por fin puideron tocar o chan. Comezou o nivel. Un nivel moi difícil e longo, que xa o intentaran, se a memoria non me engana, vinte veces ou máis. Despois de saltar, pegar, voar, esbarrar e rebotar nas paredes apareceu un inimigo: unha ra peluda vermella que cusplía lume. Deume co lume en toda a cara. Pareceu lle pouco e meteume unha patada en toda a barriga. Reiniciouse o nivel e oíronse berros. Era Xoán, maldicía a ra porque estaba a piques de acabar o nivel.

Empezou de novo e esta vez gañouno. Oíronse outra vez berros, pero esta vez de ledicia e, como xa pasara unha hora, apagou a consola e eu quedei sentado outra vez nun recuncho da escura pantalla.

E a agardar..., de novo.

NOA ABAD CASTRO

4.º curso, CEIP Froebel (Pontevedra)

VAIA DESCOIDO!

Carme espertou, almorzou, lavou os dentes, vestiuse e foi espertar o seu fillo. Pero cando levantou os edredóns levou unha sorpresa... Xián non estaba alí!

Foi rapidamente buscar o seu marido, que respondeu preocupado:

–Non o vin dende onte pola noite!

Asustáronse tanto que nun segundo xa estaban falando coa policía. Eles (os policías) buscaron en todos os lados, exceptuando as casas (logo veredes que se mirasen nestes lugares, o caso xa estaría resolto).

Os pais estaban moi inqedos; tanto, que non facían nada que lles implicase ter que esforzarse, a maioría do tempo pasábano na cama.

Pasado un día, fartáronse, e decidiron facer eles mesmos unha gran viaxe para ver se o atopaban noutro país.

Isto pode sorprenden moito, pero en poucos días xa viaxaran por moitos países: Inglaterra (onde había tanta xente que case non entraba ninguén máis), Italia (a bota da pizza), o Brasil (o país máis grande de América do Sur), o Perú (o país onde hai llamas), a India (onde hai vacas sagradas), os Estados Unidos (alí buscaron ata na Casa Branca) e Mongolia (que está ao lado da China).

Cando baixaron do avión que os levaba de Mongolia á China, recibiron unha chamada telefónica dende Galicia, onde vivían antes de comezar a viaxe:

–Ola! Cando vas vir recoller a Xián? –dixo a nai de Brais, un amigo de Xián.

–Agora recordo! Foi pasar unha semana á súa casa! –dixo Carme, abraçada.

–Non sei de que estás falando. Claro que Xián está aquí, se non... Onde ía estar entón?

–Non che sei filla, dende logo non está nin na China, nin no Perú, nin en Mongolia... –dixo colgando o teléfono, ao tempo que a nai de Brais suspiraba:

–Vaia descoido!

AROA ALONSO GONZÁLEZ

5.º curso, CEIP Antonio Palacios (O Porriño)

O BONECO MÁXICO

Vouvos contar unha historia dun boneco máxico, pero non o que todos estamos acostumados; xa que este era... ben, xa o iredes descubrindo.

Un sábado pola mañá, moi cedo, Sara e o seu pai camiñaban polas rúas desertas da cidade para ir mercar un boneco. Entraron, e Sara dirixiu a vista a un que destacaba de entre todos pola súa vestimenta. Non quixo outro, saíu con ese e meteuno na mochila sen imaxinar o que ía pasar.

De repente escoitou unha voz que viña da mochila:

–Ola.

–Quen... quen fala?

–Mira na mochila, son o boneco que acabas de mercar.

–E, e, e... ti falas?

–Claro que si, que boneco non fala?

–Ningún boneco fala, só ti.

–Si?

Chegaron á casa, díxolle que calase. Entraron, e a nai de Sara, Clara, comentoulle que o agasallo era para que recollese sempre o cuarto antes de ir ao colexio. A nena facíao todos os días despois de chegar do cole.

Pero como nos pasa sempre aos nenos, despistouse de recoller e, cando chegou á casa, o boneco non estaba e dirixiuse á súa nai:

–Sara, non tes o boneco porque non recolliches o cuarto. Tiven que facelo eu.

–Ese boneco é moi especial. Non o entendes.

Sara deuse conta do que perdera e empezou a obedecer para recuperar o boneco co que falaba de cousas que non lle contara a ninguén, nin das súas primeiras experiencias. Conseguiu recuperar e, a partir dese momento, o boneco ía con ela a todas as partes.

Hoxe en día, é mestra nun colexio e comprende a todos os nenos que din que teñen un boneco co que falan, aínda que só o poidan escoitar eles.

ADRIANA BARROS GARCÍA

6.º curso, CEP de Riomaior (Vilaboa)

QUE MEDO!

–Tes que ter coidado! –dixo preocupada a súa nai–, o bosque é moi perigoso, sobre todo pola noite.

Aldara quedara cos seus amigos para contar lendas e historias de medo no bosque. Pero antes, ela tiña que ir á casa de Carla onde se reunirían.

Cando chegou á casa de Carla, xa estaban todos e puxéronse en camiño. No bosque estaba escurecendo. Sentaron nun descampado, enriba duns troncos. Aldara abriu a mochila, colleu a lanterna e preguntou:

–Quen empeza?

E ao pouco tempo...

–Ti, empeza ti –dixo Xoán que parecía estar morto de medo.

–Vale, pois empezo eu –contestou Aldara. Prendeu a lanterna e comezou co seu relato:

»Hai moito tempo, nesta mesma vila e neste mesmo bosque, había unha pequena aldea medieval. No castelo vivía un cabaleiro que non era nada bo cos seus compañeiros. Este cabaleiro tiña un cabalo negro coma a noite, cos ollos claros coma as nubes. Os demais cabaleiros non estaban contentos con el e un día acordaron matalo.

»O asasinato realizárono cravándolle unha espada no peito, e posteriormente cortándolle a cabeza. Despois, tamén mataron o cabalo. Enterraron o corpo do cabaleiro xunta o cabalo na aldea, pero... a cabeza enterrárona aquí, neste mesmo bosque.

»Conta a lenda que o xinete sen cabeza vaga polo bosque e lles corta a cabeza a todos os cidadáns cos que se atopa e seguirá facéndoo ata que encontre a súa cabeza.

Cando Aldara terminou o seu relato escoitouse o ruído dunha póla e viron unha sombra que se achegaba... Era o xinete sen cabeza!!

Todos berraron e correron sen parar ata chegar ás súas casas.

MIGUEL BOUZAS RODRÍGUEZ

3.º curso, CEIP Cabanas-Salcedo (Pontevedra)

A DAMA DO MAR

A dama do mar só aparece nas noites de lúa chea. Moitos din que non existe, pero eu estou certo de que si. Cando aparece, a marea axítase e xorde unha muller belísima con cabelo longo e ollos azuis. Viste unha túnica de pingas prateadas e un veo de sal. Vive nun gran castelo de coral branco e vermello e ten unha gran carroza de madreperla.

O meu amigo Mario, coma moitos máis, non cre que exista. Na súa casa, hai moitos libros sobre o mar porque o seu pai é pescador, e dende novo encántalle ler.

A semana pasada o pai de Mario emprestoume un libro no que lin a historia dun mariñeiro que un día de temporal atopou entre os cascallos dun barco unha buguina moi bonita, azul e verde. Ao collela, o home sentiu un berro moi profundo:

–Por favor, por favor, sácame de aquí! Tírame á auga e terás a túa recompensa!

De súpeto, o home tirou a buguina ao mar e apareceu ela. A dama do mar subiu á area, colleuno dunha man e arrastrouno ata as profundidades dicindo:

–Este é o meu castelo de coral, no que a partir de agora viviremos.

O mariñeiro asentiu... e o tempo pasou axiña...

Estas son terras de moitos temporais. As carrozas de madreperla veñen e van.

De como un acabado de nacer e un mozo apareceran nunha praia nun día de forte temporal, nunca eu ouvira falar. Mais cando volví á casa de Mario para devolver o libro, atopei un vello recorte de xornal que relatava aquel estraño suceso. Ao levantar a mirada, descubrín o pai de Mario cun sorriso.

É noite de lúa chea, o mar está revolto. Mario e mais eu vemos ao lonxe unha túnica de pingas...

ANXO CAMBADOS COSTA

6.º curso, CEIP Conmeniño (O Grove)

A BUSCA

Había unha vez un neno chamado Daniel, aínda que todos lle chamaban Dani.

Unha mañá Dani e os seus pais decidiron ir dar unha volta co seu can Tor.

Tor era un can moi grande, negro e intimidatorio, pero non era perigoso.

Cando saíron da casa, o can saíu disparado a por un gato que estaba como a trinta metros. Dani correu detrás do can, pero non puido alcanzalo. O can xa se metera no monte antes de que se dera conta.

Dani non o podía ver, tampouco os seus pais, e comezaron a preocuparse. Despois dun tempo buscándoo, decidiron volver á casa para imprimir carteis coa foto do can e o número de teléfono por se alguén o vía ou o atopaba.

Unha semana despois, Dani, canso de agardar, decidiu ir dar unha volta a ver se o encontraba. Andou quince quilómetros, pero non había rastro de Tor por ningures.

Ao día seguinte, Dani foi preguntar ao centro da vila a ver se alguén o vira. Preguntoulles a todos os veciños cos que se atopou pero, por desgraza, ninguén o vira.

Dani estaba canso de tanto buscar e preguntar, e decidiu chamar os seus amigos da clase para que o axudasen a buscar. Buscaron por todos os sitios que se lles ocorreron, pero o can non estaba.

Xa perdera todas as esperanzas de atopalo e, moi triste, volveu para a casa.

Pero, ao chegar á casa, cal sería a súa sorpresa! Alí estaba, no garaxe da casa, o seu can Tor cuns preciosos cachorriños e cunha fermosa cadela negra!

MARÍA CASTELLANO GARCÍA

5.º curso, CPI Julia Becerra Malvar (Ribadumia)

OS SEIS

Era unha mañá de verán solleira. A cuadrilla dos seis quedara na casa de Xavi: Marta levaba a Blanca, e David a Toy. Cando chegaron, a curmá pequena de Marta, Laura, estaba lendo un mapa, e Marta preguntoulle de que era ese mapa. Laura respondeulle que era da vella mina abandonada. Entón Xavi saíu cuns zumes de laranxa e comida para cans para Blanca e Toy.

Todos lle deron as grazas a Xavi polo marabilloso zume. Despois, Marta preguntoulle a Laura para que quería o mapa e Laura díxolle que era para entrar na mina. Todos quedaron asombrados pola valentía da curmá de Marta.

Ela contoulles que se di que hai un vello tesouro agochado na mina, pero que o protexe un basilisco xigante. Todos se riron de Laura. Esa mesma noite, Laura entrou na mina e fíxolle unha foto ao basilisco, pero tanto medo pasou que case se desmaia. Pola mañá déullela a Marta, a David e a Xavi, e todos lle dixeron que o sentían, e que agora irían os seis xuntos.

Levantáronse antes de que saíse o sol para que os seus pais non se decatasen, e foron para a mina seguindo o camiño do bosque, no que era pouco probable que se atopase ningún coñecido da vila. Cando chegaron á mina, viron que a entrada estaba tapada por uns taboleiros cheos de teas de araña e rápido se deron de conta de que Laura inventará todo, e estaba detrás deles a escachar coa risa.

ANA BELÉN CASTRO PAZOS

5.º curso, CEP Sequelo (Marín)

CANTOU O CUCO NA MURALLA DE LUGO

En Lugo, hai moito tempo, cando os animais falaban, encantáballes escoitarse uns aos outros. Un bo día, o bufo, pensando que coma el non cantaba ninguén, decidiu facer un concurso, coidando que gañaría sen dificultade. Colocou carteis ao longo de toda a muralla onde poñía:

«Se che gusta cantar, ven a Voz Animal»,
«Convértete na voz da muralla».

O xurado estaba formado polo león, porque era o rei dos animais; polo raposo, pola súa intelixencia, e polo galo, que levaba toda unha vida cantando.

«Lugar, hora e día: muralla de Lugo, ás 13:30 horas, do día 21 de marzo.»

Cando chegou o día, a muralla estaba chea de animais; moitos só foran ver. Comezou o concurso e o presentador, que era o bufo, sacou do peto a lista cos animais que participaban:

A AGUIA!!
O OSO!!
O CAN!!
O LOBO!!
O CUCO!!
O BUFO!!

De primeiro saíu o bufo, cantou BU-BU e fíxose de noite; logo saíu a aguia que soltou un chíó tan agudo que rompeu todos os cristais. O terceiro foi un can, ladrou, viu un gato entre o público e saíu correndo tras del; logo o lobo, que ouveou moiiiiii alto e deixounos a todos arrepiaados. O quinto, o oso, que ruxiu moi forte, tanto que case deixa xorda a toda a fauna espectadora. E, por último, o cuco que, voando, se pousou na muralla e empezou a cantar. Co seu CU-CU abriron as flores que levaban moito tempo durmidas, o sol brillou máis forte e os outros paxaros non puideron facer outra cousa que cantar tamén.

O xurado non tivo dúbidas de quen tiña que ser o gañador. E dese xeito, dende aquela, cada 21 de marzo oírás en Lugo, se te achegas á muralla, cantar o cuco.

PAULA DOMÍNGUEZ BARREIRO

6.º curso, CEIP Álvarez Limeses (Pontevedra)

ESCURIDADE

O feixe de luz que se filtraba por un oco tinguiuse de anil ao reflectirse no pequeno regato da caverna. De súpeto, o calmado murmurio da auga ao escorregar pola pedra viuse interrompido polo eco duns pasos. Unha figura de pel escura abriuse paso polas rochas. Era unha moza de cabelos negros que levaba un vestido sinxelo, aínda que de cores vivas, que pareceu encher durante uns intres a cova da vida da que carecía.

A moza aniñouse e fundiu as mans na auga limpa e cristalina, sorrindo. Pero, de repente, un ruído forte e seco fixo palidecer a rapaza e agochase tras dunha rocha rapidamente. Asustada, observou como entraban varios homes de uniforme gris na cova. Agocháronse ao fondo da caverna, pero mantiñan as pistolas apuntando, firmes, cara á entrada desta. Os ollos mel da rapaza repararon os rostros perlados de suor dos homes ata se parar nun mozo cos mesmos ollos ca ela. Afogou un chíó e palideceu aínda máis.

Só uns intres despois entraron outros homes, esta vez vestidos de verde, berrando e apuntando coas armas. O rapaz que antes recoñecera acercou o dedo ao gatillo, tenso e cos ollos caídos que expresaban a desolación e tristura que o comían. E comezaron os disparos. Todo se encheu de gritos e do fume gris das balas ao cortar o ar.

Pouco despois, escoitouse barullo de xente escapando e silencio de novo.

A rapaza ergueuse, tusindo, e buscou desesperadamente o rapaz. Parouse ante o seu cadáver, que mantiña as mans no peito, sobre a ferida que o matou. A moza berrou e as bágoas invadiron as súas meixelas. Xemeu e sentiu rabia, odio. Deitouse desfeita xunto ao corpo inerte e deixou que todo se volvесе negro ao seu redor... e cesou a dor. Rematou todo, xa non quedaba nada máis que... escuridade.

VIAXE AO CENTRO DO CEREBRO

Todo isto empezou un venres pola tarde cando eu estaba vendo a televisión. Só de pensalo arrepiásemme a pel! De súpeto, unha atracción irresistible fixo que eu saíse disparado pola ventá sentado no sofá. As coordenadas parecíame que eran as da Illa das Esculturas. Voei por enriba da nosa escola, nun tris atravesei a estilizada Ponte dos Tirantes, e, por fin, cheguei.

Onde? Miña nai! Era a escultura aquela do cerebro, que se abriu pola fenda que separa os dous hemisferios. Absorbeume sen dificultade e entrei coma se dunha porta se tratase.

Buag! Todo era moi viscoso. Dentro escoitaba e tamén vía a vida moi rápido. Escoitaba os nenos xogar ao meu carón, ruídos das sirenas, etc. Tamén vía cousas moi terribles, indescritibles.

Oh, oh...! Que dor! Que frío! Que calor! Alí todas as sensacións eran en grao superlativo.

–Quero saír! –berrei en voz alta. Pero como podía conseguilo? Ocorrúeseme un derramo cerebral. Pero que estou dicindo? Se é un cerebro de pedra ben esculpido... Quen sería o escultor que esculpiu aquela escultura? Un bo escultor sería... E, agora, quen a desfaria? De súpeto abrín os ollos e atopeime de novo no meu sofá no medio da sala.

Uff! Todo fora un pesadelo! Que medo pasei!!!

UNHA VIDA DE PELÍCULA

Ola, chámome André, teño doce anos e o que máis me gusta deste mundo son as películas, tanto que vexo unha cada día. As miñas preferidas son as de aventuras, coma as de Indiana Jones. Eu sinto coma se estivese dentro da película axudando ao doutor Jones a cruzar a selva amazónica en busca do templo perdido, el métese nun perigo impresionante do que parece que non hai saída, entón eu murmúrolle ao oído a solución aos seus problemas, e el obedéceme. Formamos un bo equipo!

Outras veces vexo películas de risa, que son un pouco parvas, como a daquel rapaz que quedou só na casa xusto o día en que entraron a roubar uns ladróns. Vaia susto levaron os malandríns! Aquel neno metía medo.

Onte vin unha dun home que podía voar, imaxínate, un home que podía voar! Cunha capa vermella e os calzóns por riba do pantalón, que cousas.

E así transcorren os meus días, con estes anacos de felicidade mesturados con momentos de tedio e soidade.

Ás veces escoito os meus pais falar. El di:

–Non sei para que lle pos películas.

A miña nai cólleme da man e contéstalle:

–É o meu fillo, quérolle, sei que está en coma, pero quizais nalgún punto do seu mundo interior el goza destas películas.

Cando André fixo os trece anos espertou, viviu a súa vida, e chegou a ser un cineasta.

ABEL FERNÁNDEZ MEIRA

6.º curso, CEP de Riomaior (Vilaboa)

O FEITIZO

Deixou o lapis e o caderno nun recuncho do cuarto e foi cear. Ao día seguinte dirixiuse ao parque e atopouse cunha velliña que levaba un gorro apuntado e no ombreiro un corvo. Preguntoulle se non lle daba medo e el contestoulle que non. Ela explicoulle que era unha bruxa, e que era mala. De súpeto, fíxolle un feitizo que consistía en que todo o que escribise ou debuxase se faría realidade. O neno pensou que quería tomarlle o pelo e volveu á casa.

Pola mañá foi á escola, colleu o material e púxose a escribir, entón empezaron a chover letras. Ao principio pensou que era casualidade e seguiu escribindo; pero seguiron chovendo letras e eran as que el escribía! Despois tivo clase de arte e debuxou un can. Cando acabou, un can saíu da porta. Era feo coma el o debuxara. Daquela, xa se deu de conta de que aquela velliña era realmente unha bruxa e foi buscala, pero non a atopou.

Ao día seguinte volveu á escola e a profesora mandoulle debuxar un monstro. El negouse, pero a profesora ameazouno e non tivo máis remedio que facelo. Como sospeitara, apareceu fóra un monstro pequerrecho. Claro, que el o fixera ben pequerrecho.

Os compañeiros querían que pola boca botase lume. El debuxouno e o minimonstro empezou a queimar os coches. O neno fuxiu do colexio e atopouse coa bruxa que lle dixo:

–Agora non me tes medo?

–Pois claro que cho teño –dixo.

A bruxa quitoulle o feitizo, pero... o monstro seguía existindo e atopou o rapaz, el deu a volta e tentou fuxir pero estaba paralizado polo medo. O monstro botou unha labarada pero antes de que o lume o tocase, pechou os ollos e... espertou. Todo fora un soño!

IRENE FERREIRA VIDAL

4.º curso, CEIP Manuel Siero (Crecente)

AMARGA DOZURA

Cinco da tarde dun luns de inverno. É a hora da merenda. Miro o prato e revivo o pasado. Todos eses grandes momentos felices vividos contigo acabaron. Por que? Esa pregunta está presente todos os días dende hai tres anos, e aínda non son quen de atopar resposta. Só penso que non merecía o castigo de estar sen ti.

Pecho os ollos e aínda sinto o teu doce sabor. Triste día aquel no que te tiven que afastar da miña vida para seguir vivindo. Ata que puideren aceptar este feito, pasei por momentos moi tristes, ao principio tiven medo de non saber que pasaría. Sentínme confundida e derrotada.

Penso cada día en ti, en que abrirei a porta do armario e alí estarás, en que pasarei por diante das pastelerías e non terei que afastar a mirada, en que poderei tomar un anaco de torta nos aniversarios dos meus amigos. Sei que ese día chegará, un día no que volveremos compartir momentos especiais xuntos, e xa nunca máis te afastarei de min. Pero, mentres tanto, teño que seguir aceptando este cambio na miña vida, sendo máis forte e valente para non ignorar as consecuencias de terte, unhas consecuencias que poder ser prexudiciais para a miña saúde, que me fan valorar todos os enfrontamentos coa miña nai á hora de non querer concederme un pequeno capricho contigo, pero sei que o fai polo meu ben e teño que agradecerllo, aínda que iso supoña que novamente xurda a pregunta: por que?

Por que teño que renunciar a ti?

Por que teño que ser diabética?

Ai, meu chocolate!

A SORPRESA

Nunha casa pequena e afastada vivía un home chamado Xosé. Pasaba os días só entre as catro paredes daquela casa. Sempre escoitara uns ruídos estraños pola noite pero nunca lles fixera demasiado caso.

Pero aquela noite algo cambiou. Foi durmir cedo, pois era un día de chuvia e vento e a lareira da súa casa xa se estaba a apagar. Cando quedou durmido, ocorreu algo que nunca antes acontecera. Un ruído estremecedor fíxoo saltar da cama. Observou unhas sombras moverse polo cuarto. Que estaba a ocorrer? Asustado, botou a correr sen mirar para atrás. Tanto correu que tropezou e caeu sobre unha táboa que abriu unha porta que nunca antes vira. Tanto medo tiña que, sen pensalo dúas veces, decidiu entrar naquel cuarto escuro para fuxir daquelas sombras. Aquel cuarto era escuro e húmido, e ía un frío que facía estremecer os ósos.

Atopou un pequeno candeeiro e prendeu un misto co que acendeu unha candeia. O que non sabía o pobre Xosé era que alí se atoparía con máis seres daqueles dos que non sabía nada. Abraiado, quedou parado no medio do cuarto. Pensou que tiña dúas opcións: ou fuxir de novo ou quedar a falar con aqueles seres e facerse amigo deles. Optou pola segunda opción e sen máis dilación presentouse.

–Ola, chámome Xosé. E vós quen sodes e que facedes aquí?

Eles non contestaron, só se movían polo cuarto.

Xosé volveu preguntar e entón oíu unha voz que dicía:

–Somos os fantasmas da túa vida pasada e a túa vida futura.

Xosé non saíra do seu asombro cando un daqueles seres o empurrou e o sentou nunha cadeira. Cada vez estaba máis asustado, pero entón o can do veciño, que oíra os ruídos, entrou pola porta e comezou a ladrar e ladrar cada vez máis forte, e entón o can mordeu un daqueles seres e acabou cuberto coa saba que o cubría. Cal foi a sorpresa de Xosé cando se decatou de que aquel ser tan raro era o seu mellor amigo Xoán, e os outros eran os compañeiros do traballo que decidiran darlle unha sorpresa polo seu aniversario.

Despois de rir un bo intre, marcharon xuntos a almorzar como cada día.

AVENTURAS POLOS MARES

–Capitán! Capitán! –diciía Breixo, que estaba sucando os mares co seu barco—. Atopámonos nun sitio onde hai moitos patos!

En efecto, a tripulación, o capitán e Breixo temían que os patos se estrelasen contra as finas velas, con eses bicos e esas unllas afiadas coma coitelos. Todos os mariñeiros saben as consecuencias desastrosas dese estilo de abordaxe nos barcos de vela.

Entón o capitán, gritando dende a ponte de mando, ordenoulles a Breixo e ao resto da tripulación que lles tirasen pan aos patos tanto por babor coma por estribor. Ao momento, os patos tiráronse a ambos os dous lados e deixaron un bo espazo para que pasase o barco.

Pero os perigos non cesaban no mar inmenso. As ondas aumentaban por veces e a embarcación cambaleaba coma unha insignificante noz á deriva. De súpeto, moi preto, saíu á superficie un polbo xigante con enormes patas, ollos vermellos e unha boca descomunal. O capitán, Breixo e a medorenta tripulación non tiveron máis remedio que abandonar o malogrado barco. O capitán mandou descender o seu submarino e subir todos nel.

Baixo as revoltas augas cheas de espuma, o tripulante do submarino manexou as tenaces, coas que habitualmente recollía mostras do fondo mariño, e, con moito acerto, comezou a cortarlle as patas ao polbo xigante. Sen patas xa non podía loitar, e, ademais, a tripulación xa tiña comida: polbo.

Pero non acabou todo aí! Apareceu o ser máis sinistro dos mares, o rei das profundidades! Non era Neptuno, era o ser máis terrorífico coñecido! Ningunha persoa o vira nunca! Breixo, o capitán e a tripulación eran os primeiros en velo...

–Breixo, que os demais tamén queren bañarse! Mira como tes o chan!! Xa podes coller a fregona!!!

RITA GARCÍA FIGUEIRA

5.º curso, CPI Progreso (Catoira)

O BIG BANG DA COCIÑA GALEGA

Pontevedra. Ano 2046. A extinción do polbo á feira víase vir.

Como dicían que o cocido madrileño era mellor que o polbo á feira, tivemos que loitar contra os madrileños. Era unha guerra perdida. Tiñan potas máis grandes ca as nosas.

Aínda non estaba todo perdido. Cando nos íamos render, recibimos unha chamada. A empanada de millo quería axudarnos.

Avisaron a todas as panaderías de Galicia dicindo que ían necesitar máis de cincocentas empanadas, perdón, máis de mil!

Pero levamos unha sorpresa aínda maior. O cocido madrileño aliárase co gaspacho andaluz!

Aquela noticia era como unha patada en toda a empanada! Toda ben cocida, coas súas zamburiñas, a súa ceboliña e ZAS! Por aí saían voando todos os condimentos deste rico manxar para os que o podían degustar.

Nós, os galegos, tiñamos dúas posibilidades:

- 1.ª: Rendernos e esperar a que os madrileños nos lanzasen patacas á cara.
- 2.ª: Aliarnos con outra comida tamén rica e coñecida.

Entón, puxemos a funcionar os nosos sisos de humanos, tamén chamados cerebro.

Había un prato. Si, o máis coñecido en case todo o mundo: o lacón con grelos.

Inmediatamente chamamos a todos os restaurantes que atopamos nas Páxinas Amarelas.

Aquel lacón era como o Godzilla das comidas galegas, o King Kong que nunca falta na mesa.

Era a fin para o cocido madrileño. O K. O. O noqueo final. Non había ninguén que vencese este prato.

Case sen que o lacón entrase no ring de combate, o adversario xa tirara a toalla, ou, mellor dito, o trapo de cociña.

Así foi como, ao longo dos anos, o polbo á feira venceu o cocido madrileño, e, desta forma, xurdiu o Big Bang da cociña galega.

SARA GIRÁLDEZ CASAL

6.º curso, CEIP de Castrolo (Cambados)

UN DEPORTE ESPECIAL

Nun val moi afastado vivía unha serpe, chamada Escorregadoira, á que lle encantaba mirar como os seus amigos patinaban. E é que ela soñaba con ser patinadora; pero tiña un problema: non tiña pés nin mans, así que non tiña onde colocar os patíns nin maneira de impulsarse.

Os seus amigos Dentes Brancos, o rato; Chouteira, a lebre, e o loitador máis forte de todos, o caimán Quemaisdá, estaban preocupados por ela, pois non quería xogar a nada. Sempre quería mirar e, por se non fose pouco, comía moi mal do desanimada que estaba. Cada día estaba peor, xa que non se alimentaba ben a pesar de que os seus amigos lle traían comida. Cando querían xogar aos agochos co rato Dentes Brancos, o mellor neste xogo, ela dicía:

–Non, xogade vós, eu prefiro mirar que ninguén faga trampas.

Cando querían tirarse pola tirolina coa lebre Chouteira, ela dicía:

–Non, é que... a min danme medo as alturas!

Cando antes ela era a primeira en querer tirarse. Os amigos de Escorregadoira cada vez preocupábanse máis, ata que un día Dentes Brancos dixo:

–Temos que axudala, non pode seguir así.

Todos se puxeron a pensar ata que Chouteira e Quemaisdá dixeron en coro:

–Podemos coller unha cortiza de calquera árbore, e tirar a Escorregadoira polo río abaixo, xa que está conxelado, e de casco poñerlle a metade dun coco.

Prepararon todo e chamaron a Escorregadoira. Vendáronlle os ollos para colocarlle as cousas e, cando estivo preparada, Dentes Brancos quitoulle a venda e díxolle:

–A patinar, Escorregadoira!

Escorregadoira patinou e patinou. Cada vez que acababa o percorrido quería repetir e tan emocionada estaba que nin sequera se dera de conta de que cumprira o seu soño: ser patinadora.

RAÚL GONZÁLEZ DASILVA

4.º curso, CEIP Vilaverde (Pontevedra)

A MALETA DUNHA SUPERMODELO

Unha tarde de outono chegou un tren á estación de París. O condutor, cando se ía ir, viu que faltaba unha maleta por recoller e, como alí non había ninguén, abriu a maleta para saber se había algunha documentación sobre o dono. Atopouse cun par de zapatos de tacón, un libro de Viena, unha revista de moda, unha fruta travesa cunha partitura, unha cámara de fotos e unha foto familiar. O condutor, só polos zapatos de tacón, supuxo que a dona era unha moza, que a moza era unha modelo, e que se dirixía a París para desfilan nunha pasarela de moda. Tamén que, nos seus momentos libres, se dedicaba a facer fotos e a tocar a fruta travesa, que viña de Viena e que estaba casada. Tamén pensou que tiña dous fillos. O condutor púxose moi contento ao pensar que tiña a maleta dunha supermodelo. Ao cabo dun intre, un señor dirixiuse ao condutor e díxolle que esa maleta lle pertencía. O condutor estrañouse un pouco e viuse confuso. O señor explicoulle que os zapatos de tacón eran un regalo para a súa muller que vivía en París, que a cámara de fotos era para a súa filla e a fruta travesa para o seu fillo. O condutor quedou moi desanimado cando soubo que a maleta non era dunha supermodelo.

SERGIO GONZÁLEZ EIDÓN

6.º curso, CEP de Riomaior (Vilaboa)

INVESTIGACIÓN PROVEITOSA

Era de noite, a escuridade era total. De súpeto, escoitei un ruído que viña de fóra e fun botar unha ollada. Como estaba moi escuro, collín a lanterna e encamiñeime cara á porta, parei en seco e decidín mirar primeiro polas ventás. Reviseinas todas e, deseguido, collín o teléfono para chamar as autoridades. Chegaron ao día seguinte, pero xa era tarde. Revisaron toda a casa, a piscina, o xardín, o garaxe... e non atoparon nada raro.

Esa mesma noite, levanteime da cama e pensei en ir dar unha volta polo xardín a ver se atopaba algo. Ía provisto de: lanterna, casco, unha pistola de xoguete que tiña do entroido e un pau que atopei fóra. Todo estaba moi escuro, coma a noite anterior, e, cando cheguei ao garaxe, volvíns escoitar o mesmo ruído. Era un chí agudo que viña do xardín. Con bastante medo dirixinme ata alí. Entón, descubrín un vulto preto da piscina, e ao enfocar a luz da lanterna cara a el deime de conta de que era un xabaril cunha ferida nunha pata. Estaba furioso pola dor e non quixen achegarme ata el.

Entrei, descolguei o teléfono e chamei o veterinario que axiña se achegou ata a miña casa, e levouno á clínica. Despois duns días curoulle a pata e soltámolo no monte.

SOFÍA GUTIÉRREZ PEREIRA

5.º curso, CEIP de Ardán (Marín)

BARTOMEU PATASECA

Aquela mañá orballaba e Bartomeu Pataseca torceu o fociño. Dona Fabiana tirou da correa, pero o can non quería moverse.

–Que tes, meu meniño?

–Que vou ter, dona Fabiana? Xa sabe que non me gusta a humidade... , saír da casa e mollar as patas...

–Acouga, Bartomeu, que teño unha idea.

Entón, a muller levouno ao deserto, por ser o lugar máis seco do mundo. Non obstante, o can protestaba.

–Que tes, meu rei?

–Non me gusta o deserto. Aquí vai demasiada calor!

Marcharon entón a unha praia do Caribe de area branca e fina.

–Aquí viviremos mellor que en ningures!

Bartomeu tampouco estaba conforme xa que as areas se lle metían nas unllas das súas patas.

–Se non che gusta este lugar, buscaremos outro.

Viaxaron máis tarde á sabana africana, onde corría o vento entre a herba.

–Pero, dona Fabiana, por estes eidos escóitanse os ruxidos dos animais salvaxes e paso as noites a tremer de medo.

–E a Asia...

–Aborrezo o Tíbet! Hai demasiada neve e afúndenseme as patas. Ademais vou estando farto de comer arroz!

Chegado un tempo, dona Fabiana calou. Sen preguntarlle ao can, mercou un billete de volta ao seu fogar. Unha vez alí, meteuno no cesto e, moi anoxada, explicoulle:

–Bartomeu, neste cesto non vai demasiada calor, nin frío, nin neve, nin areas, nin se escoitan ruxidos. En cambio, cando queiras facer as túas cousiñas, deberás aprender a usar o baño como as persoas.

–Pero, dona Fabiana, eu son un can!

–Entón terás que actuar coma todos os cans, saír á rúa e mollar as patas.

Dende ese momento, Bartomeu Pataseca, mentres camiñaba baixo a chuvia, imaxinaba a calor do deserto, as areas do Caribe, os ruxidos e a neve. Pero, polo baixiño, seguía a torcer o fociño.

PABLO LOUREIRO MONTENEGRO

5.º curso, CEIP Pérez Viondi (A Estrada)

O ENCONTRO DE CENTELLA CON PALOMA

Centella era una vaca típica galega, é dicir, de cor canela, corpo robusto e grandes cornos. Esta vaca nacera nunha granxa da montaña luguesa, pero había un mes que ela e a súa nai se trasladaran a vivir a unha fermosa aldea chamada Abalo. O seu nome, Centella, puxérallo Toño, un rapaz de cabelo claro e ollos azuis. El era o fillo pequeno de Fina, a dona da granxa onde vivía agora.

Pois si, todos os días despois da escola, Toño levaba as vacas a pastar aos prados. Muuuuu, que prados, a herba era dunha cor verde clara e moi saborosa, no fondo do prado corría un regato de augas cristalinas.

Un día Centella estaba a pastar coas súas compañeiras cando se decatou de que no prado do lado había una vaca diferente. Era de cor branca e negra e robusta e un pouco máis alta. Na granxa comentábase que chegara a Galicia dende as terras do norte de Europa.

Centella acercouse e díxolle:

–Ola, como te chamas?

–Dende hai uns días, Paloma.

–Como que dende hai uns días?

–Si, foi o nome que me puxeron cando cheguei aquí. É máis fácil de pronunciar para o meu dono.

–E logo de onde ves?

–Eu nacín en Holanda.

–Caramba, iso parece que queda moi lonxe.

–Non che sabería dicir. Un pouco.

Para rematar, teño que dicirvos que, a partir daquel día, Paloma foi admitida no grupo sen importar que fose doutra cor ou que falase dun xeito diferente.

Veña, marcho que teño que marchar, xa vos contarei máis historias, que me toca a quenda na muxidoira.

O GRAN MISTERIO

Esa tarde decidiran ir de acampada, e Xavi e os seus amigos por fin estaban baixo ese manto de estrelas que tanto lles gustaba.

Ao chegar a medianoite, decidiron xogar a Atrévete, un xogo que lles encantaba, porque demostraban o valentes que eran. Xavi retou a Gabriel a ir dar un paseo polo bosque, e el, por suposto, aceptou, e internouse na escuridade. Pasaba o tempo e Gabri non volvía. Xavi decidiu ir buscalo e, despois de levar xa un bo anaco percorrido, topouse de fronte cunha igrexa abandonada. Colgada nunha silva e toda esfarrapada estaba a chaqueta preferida de Gabriel, así que Xavi empurrou a porta con forza e avanzou cara ao interior.

—Ola! —berrou—. Gabriel? Estás aquí?

Non obtivo resposta, e sentiu un calafrío que lle percorría o corpo. Comezou a tremer e insistiu cun fío de voz:

—Isto non ten graza, todos te están buscando, deixa de enredar xa.

Xavi estaba demasiado asustado para seguir alí dentro, botou a correr cara a onde estaban os seus compañeiros, pero, de repente, unha luz ce-gouno e freou en seco. Cando puido abrir os ollos contemplou moitas figuras, pero non distinguía o rostro de ningunha delas.

Quixo berrar, chamar os seus amigos, pero non lle saía a voz. Quedou pálido cando recoñeceu a cara da primeira figura, a que levaba un farol na man. Era Gabriel, o seu mellor amigo, tiña o rostro máis tenebroso que se poida imaxinar. Ofrecíalle o farol. Xavi estaba paralizado, non lle respondían as pernas. Cando xa estaba a punto de coller o farol, oíu un son moi familiar: pipipipí, pipipipí, espertou.

Xavi quedou tranquilo, todo fora un simple pesadelo..., ou non? A chaqueta esfarrapada de Gabriel colgaba da cabeceira da cama.

UNHA VALIOSA LECCIÓN

Hai moitos anos, había un feliz reino gobernado por un rei moi xusto que trataba a todos por igual: tiña os mesmos dereitos un ministro que un campesiño.

Naquel lugar todo era ledicia e felicidade, non había nunca secas nin malas colleitas, tampouco había ladróns nin asasinos. Resumindo: iso era o paraíso sobre a terra.

Ata que chegou ao reino un dragón que arrasou con todo: queimou os montes, comeu o gando e rompeu as casas.

O rei estaba desesperado: o seu reino estaba sendo destruído. Decidiu contratar os máis intrépidos e bravos cabaleiros para matar o dragón. Pero todos os cabaleiros que se enfrontaban a el desaparecían. O rei estaba cada día máis desesperado.

Un día un neno chamado André presentouse no castelo: quería que o rei o contratase, pero díxolle que regresase cando crecese. Pero el insistía, así que o rei decidiu deixalo ir matar o dragón. O neno díxolle que necesitaba catro barrís de viño, un caldeiro, unha espada e un carro; o rei deullo e foise. Ao día seguinte o neno presentouse na cova do dragón, e este díxolle:

—Non es un pouco pequeno para retarme?

—Eu non veño a retarte, só a charlar un pouco e a beber —díxolle o neno.

E dito isto, abriu un barril e encheu o caldeiro de viño e ofreceullo ao dragón, que bebeu e gustoulle tanto que bebeu e bebeu ata caer no chan ebrio. Entón, André cravoulle a espada e todo volveu á normalidade no reino, e o rei aprendeu a seguinte lección:

«Por pequeno que sexas sempre podes axudar».

ANDREA MELÓN AMOEDO

5.º curso, CPI de Mondariz

A NOITE DE SAN XOÁN

Na noite de San Xoán, Alicia, unha nena de dez anos, estaba moi ilusionada porque ía ver queimar o boneco.

Ela estaba a xogar á pita cos seus compañeiros da clase. Ademais tamén viñeran á festa as súas mellores amigas da aldea, Carlota e mais Lucía.

Despois duns minutos chamáronos para cear... Que rico!! Había costela con salsa chimichurri, orellas de porco, cocido e moitas cousas máis que estaban boísimas.

Ao rematar de cear xogaron todos xuntos un pouco máis á pita, aos agochos, á corda, á bomba e a outros xogos moi divertidos.

Chegou a hora de queimar o boneco. Uns homes colleron un chisqueiro e prendéronlle lume á cacharela..., pero, de súpeto..., o boneco cobrou vida!!

Saltou do pau e empezou a facer rir aos nenos que estaban alí, contándolles contos e facéndolles moitas cóxegas.

Os nenos esa noite pasárono xenial co boneco, ata lle puxeron nome: era o boneco Luís. A Luís tamén lle gustou moito o seu novo nome.

Cando a noite rematou, todos marcharon para a casa a durmir. Todos, agás Luís, o boneco, que, como non tiña casa, durmiu na cacharela.

Ao día seguinte todos os nenos foron visitar a Luís, pero xa non estaba. Desaparecera para sempre.

Todos os rapaces quedaron moi tristes, e nunca máis viron un boneco tan divertido como Luís.

SOFÍA MOLARES GARCÍA

4.º curso, CEIP Chans-Bembrive (Vigo)

AVENTURA NA CASA

Había unha vez unha familia de ratos. Vivían nun burato na cociña dunha casa. Case todos tiñan medo a saír do seu recuncho, todos menos Brais, o máis cativo, e Lúa, a súa irmá maior.

Brais era un ratiño branco de ollos azuis. En cambio, Lúa era da cor do mel, e tiña os ollos castaños.

Un día decidiron emprender unha viaxe para investigar que había na casa. Agardaron a que os donos marchasen a traballar. Fóra atoparon unha fila de caixóns abertos que tiñan dentro unha morea de cousas: coitelos, panos, garfos, manteis, sacarrollas..., pero aquilo para eles era un labirinto sen fin.

Ao rematar aquel labirinto entraron os donos e tiveron que esconderse. Brais agochouse detrás dunha botella e Lúa, dentro dunha cunca. Cando os donos marcharon á parte superior da casa, os dous ratiños aproveitaron para saír e continuar a súa viaxe. Pasaron por un burato, que a nós nos parecería insignificante, pero aos pobres ratiños parecíalles un burato mortal, era o vertedoiro! Escorregaron por unha tea verde, un mandil, ata chegar ao chan. Despois escalaron unha alta montaña, á que nós chamamos escaleiras, e chegaron a un lugar do que saía fume. Entraron e viron un dos donos nun estraño recipiente, era a bañeira. Saíron rapidamente daquel lugar e metéronse noutro cuarto, no que o primeiro que viron foi unha gran bóla de pelo. Era un gato! O gato cando os viu saíu do cuarto a fume de carozo porque aquel gato non era un gato normal. Tíñalles medo aos ratos!

Brais e Lúa quedaron abraiados e, do susto que levaron, saíron ao corredor, baixaron as escaleiras, percorreron a cociña, chegaron ao seu buratiño e metéronse na cama antes de que a súa nai se dera conta de que marcharan de excursión.

O ACCIDENTE

Día 1

Creo que son o único supervivente do accidente do avión. O avión caeu nunha illa deserta, ou iso espero, conseguín un machado e suficientes víveres para aguantar un tempo, pouco, pero vaia!!!!

Día 2

Encontrei unha zona máis ou menos segura, un acantilado na costa. Na praia encontrei moitas maletas con teas e comida. Con isto aguantarei vivo máis días.

Día 3

Interneime nas profundidades do bosque a cazar e a recoller froitos do bosque. Atopei unha aldea de caníbales, rapidamente collín as cousas e volví ao refuxio. Esa noite non puider durmir. Púxenme a cortar, para logo ao amencer facer un muro e trampas.

Día 4

Construí un muro con toxos e bagas venenosas, trampas camufladas nas árbores próximas. O meu arsenal sería un arco fabricado con algunhas pólas con moitas frechas e un montón de lanzas cócteles molotov e explosivos feitos con circuítos do avión e unha pistola de bengalas con seis tiros.

Día 5

Entrei nunha cova e encontrei un machado mellor que o que tiña, máis longo e afiado. Logo, ao volver, acercáronse uns caníbales polo refuxio, pero por sorte non foron capaces de entrar e marcharon.

Día 6

Hoxe os caníbales víronme e intentáronme atacar, pero puider escapar ao refuxio e marcharon.

Día 7

Hoxe viñeron todos, non creo que poida sobreviv...

O XOGO E A AVENTURA ESTÁ NA LECTURA

Unha mañá dun día calquera asollado de primavera, Antón sae ao patio do colexio á hora do recreo. Os compañeiros da súa clase nunca querían xogar con el, coma cada día, porque o tiñan por un neno raro.

Xa canso de tentar xogar todos os días a calquera das cousas que eles lle dicían, para logo deixalo quedar só, puxo en marcha unha idea que lle andaba dando voltas pola cabeciña, foise á biblioteca a probar de ler algún libro.

Ao entrar puido ver estantes decorados con planetas e algunha mascota de cartón pedra, tamén tiñan unha árbore de cartón cunhas palabras colgadas que para el non tiñan sentido. Os andeis estaban cheos de libros de cores e tiñan carteis dos diferentes estilos de lectura (aventuras, intriga, teatro, poesía...).

A Antón chamoulle a atención un libro negro con debuxos de cores vivas que estaba na sección de aventuras. Colleu o libro e sentouse nunha das cadeiras que estaban libres e comezou a ler. A lectura ía dun par de amigos aos que lles gustaba percorrer fragas buscando seres mitolóxicos (fadas, trasnos...) e moitos outros. Pouco a pouco, Antón foise metendo na historia e percorreu, neste caso, as fragas do Eume. Alí atopou un deses seres, era un trasno pequeno cunha gorra e unha verruga no nariz, por certo, moi feo. Antes de rematar esa lectura, tocou o timbre. Gardou o libro para seguir outro día.

Cando saíu da biblioteca levaba un sorriso de orella a orella, o resto dos compañeiros preguntábanse onde estivera, e el deuse conta de que ter amigos para xogar non era o máis importante, xa que estivera co que ía ser o mellor amigo do mundo. Un libro.

O SOÑO DUNHA NENA GALEGA

Xoaniña era unha rapaza galega de nove anos que vivía cos seus avós nunha montaña apartada de Galiza, porque os seus pais emigraran a un país do que a Xoaniña lle custaba lembrar o nome.

Xoaniña era unha rapariga moi soñadora e con moita imaxinación, sempre estaba leda xogando no campo.

Cun sorriso na súa cara, Xoaniña deitábase á sombra dunha árbore a tomar o fresco, pechaba os ollos e comezaba a soñar que os seus pais viñan a pasar o día con ela.

Entón facían unha competición de carreiras de sacos. Ían ao río bañarse e competían a ver quen resistía máis coa cabeza debaixo da auga sen respirar. Pola fresca, no serán, paseaban e subían ao alto da montaña que había ao lado da casa dos seus avós. Alí no alto, ao estirar os brazos e movelos de arriba abaixo, voaba coma unha anduriña e entón chegaba ás nubes brancas, como de algodón moi suave, e, despois de voar un pouco, viu dende o alto un unicornio. Cando se quixo acercar, el escapou. A pesar diso Xoaniña foi tras del. Ao fin Xoaniña conseguiu.

Xoaniña propúxolle ao seu amigo unicornio que fose vivir con ela. E así foi como ao unicornio, misteriosamente, lle apareceron unhas ás e emprendeu o voo coa nena.

Xoaniña comezou a sentir frío e abriu os ollos. Entrou na casa dos seus avós e cal foi a súa sorpresa que alí estaban os seus pais que chegaran para darlle o seu regalo de aniversario.

Tapáronlle os ollos e levárona á parte traseira da casa. Cando quitou o pano que lle tapaba os ollos, viu un cabalo branco fermoso. Cumpriuse o soño de Xoaniña.

A GALIÑA PRESUMIDA

Hai moitos, moitos anos, no galiñeiro dunha casa, dunha remota aldea que estaba no alto dun monte, vivía Clementina, unha galiña poñedora.

Clementina poñía un ovo enorme cada día, pero estaba moi enfadada porque aquel galiñeiro era moi pequeno para os ovos que ela poñía. Ademais ela cría que non debería de vivir nesas condicións.

Entón Clementina decidiu falar co xefe do galiñeiro, Papá Galo. Entón, Papá Galo díxolle:

–Non podes irte, porque ti es a mellor. Ti pos os ovos máis grandes do galiñeiro.

Clementina botou dous días a pensar no que lle dixera Papá Galo, pero finalmente decidiu marchar.

Avantou a cancela e saíu a correr polo camiño, para que ninguén a vise. Camiñou sen parar ata que chegou ao medio do monte. Clementina pensou que pronto chegaría á cidade onde todos a quixerían como mascota, sería unha estrela!

Pero, pouco a pouco, a noite ía achegándose e Clementina comezou a ter medo xa que escoitaba ouvidos do lobo ao lonxe. A lúa estaba chea, redondiña coma un queixo e as sombras das árbores parecían monstros gigantes.

Clementina buscou un lugar onde agocharse. Meteuse debaixo dun penedo para que non a atopase a raposa. Decidiu pasar alí a noite, e pola mañá, ben cedo, volvería ao galiñeiro.

«As galiñas non estamos feitas para aventuras», dixo para si mesma.

A BRUXIÑA QUE PERDERA OS SEUS RECORDOS, OS SOÑOS E A SÚA VASOIRA

Había nove bruxas ás que lles gustaba asustar os nenos. Un día pola noite, saíron asustalos, pero sucedeu que... a unha das bruxas lle roubaran a vasoira!

Mentres as demais voaban nas súas vasoiras máxicas, esta tivo que quedar soa na casa.

Daquela, decidiu buscar o seu gato para darlle de comer, e, sen querer, atopou unha estraña escaleira na que había dúas portas. Na primeira puña «SOÑOS PERDIDOS». Abriu e empezou a andar, a cada paso que daba vía miles de imaxes e recordos, estes íanse transformando en fermosas flores con frescos olores, tan frescos, que lle recordaban a brisa dun cálido día de verán. Estes aromas espertaron o gardián dos sonhos e recordos, que era un dragón que vivía e custodiaba o corazón da pequena bruxiña. Neste intre, decatouse de que, se sabes onde buscar, os recordos e os sonhos perdidos se poden recuperar, e iso fíxo a sentirse feliz.

Pero... nese momento volveu recordar que aínda non atopara a súa vasoira!

Entón, abriu a porta que lle quedaba, a que puña: «OBXECTOS PERDIDOS». Cando entrou, atopouse cunha sorpresa... Alí estaban todas as cousas do mundo que as bruxas e as persoas perdían!

A bruxiña púxose a buscar e a rebuscar, pero, por moito que buscou e rebuscou, a súa vasoira non atopou. Logo de estar tempo buscando, sentiuse esgotada e deuse por vencida. Volveu subir a escaleira ata o seu dormitorio e, cando se meteu na cama..., SORPRESA!!! Entre as súas sabas desfeitas: alí estaba a vasoira!

Esa noite a bruxiña comprendeu que todo é recuperable, ata os recordos, só tendo un pouco de orde e sabendo onde buscar, ao final todo aparece.

UN PEIXE DIFERENTE

Os meus veciños tiñan un fillo que era da miña idade. El non ía ao meu colexio, pero eramos moi amigos e, sempre que podía, eu ía xogar á súa casa.

Un día, despois do colexio, vin os seus pais cunha bolsa de auga (na que eu só vía un punto laranxa). Que sería aquilo?

Ese día non me fixei moito, pero ao seguinte día, como estivemos na piscina, fixeime máis. Era un peixe!, pero non era laranxa, era amarelo; ao seguinte día... era vermello! Non podía entender como cambiaba de cor ese peixe.

O pai díxome que era especial, pero a nai contoume outra cousa. Segundo ela e o dono da tenda de peixes, a cor dependía do humor que tiñese o invitado (neste caso, eu). Tamén me dixo que non llo podía contar a ninguén, se non, seguramente, experimentarían con el.

A nai tiña razón. Por exemplo: o primeiro día estaba laranxa, porque tiña dúbidas de que era aquel puntinho laranxa; o segundo día, amarelo, porque cando o vin eu estaba súper feliz de estar xogando co meu amigo; e o terceiro día, vermello, porque... (dáme un pouco de vergoña contalo, pero era porque...) estaba un pouco triste, porque a miña nai estaba anoxada comigo por romperlle unha figura da súa voda.

Ese peixe si que era especial, verdadeiramente especial!

OS SÚPER «PODERTROSOS»

Don e María eran dous irmáns que vivían nunha vila atravesada polo río Lérez.

Tiñan na súa casa un club secreto chamado Club Land. Alí reuníanse cos seus amigos Xosé, Ronal e Liria. Todos soñaban con ser superheroes para poder axudar a xente con problemas. Unha noite de verán, deitados no xardín, viron unha estrela fugaz e todos desexaron o mesmo, ser súper poderosos.

E á mañá seguinte espertaron cunha estraña vestimenta. Tiñan traxes de súper poderes: Don era súper electricidade, María era súper trasladadora, Xosé era súper invisible, Ronal era súper obxecto e Liria era súper canción.

Un día na vila houbo o primeiro gran problema. Non había auga porque había meses que non chovía. Todos os veciños estaban desesperados porque o río xa estaba seco. Súper electricidade pensou en provocar un raio de tormenta, pero non serviu de nada. Súper trasladadora pensou en trasladarse ata o mar, pero non foi capaz de traelo ata alí. Súper invisible desapareceu da Terra. Só quedaban súper obxecto e súper canción que fixeron un plan. Súper obxecto quixo converterse nunha botella xigante, pero non era capaz de moverse. Entón, súper canción empezou a cantar o mellor que podía. Pero aquilo non funcionaba. Así que súper canción foise cansando e cantaba cada vez peor.

De súpeto, apareceu unha nube xigante e de cor negra, e empezou a chover como nunca na botella, que se converteu entón nunha cisterna con ás. Foi voando ata o río Lérez e verteu alí toda a auga. Parecía imposible.

Entón volveron a Club Land, e, moi tristes, dixeron:

–Somos SÚPER DESASTRES? Vai ser mellor volver ser nenos. Temos moito que aprender. Necesitamos un mestre.

E dende entón, todas as noites se reúnen e agardan ver outra estrela fugaz, para pedirlle un amigo mestre superheroe que lles responda a pregunta tan difícil: «Como aprender a salvar o mundo?».

AS NOTAS

Un día de inverno, na aula de música do meu cole, as notas do pentagrama sentíanse moi tristes xa que ninguén as solfexaba. Ademais era o aniversario da nota Sol, e tiña a súa plica moi peiteada e cun diadema bonito de margaridas. Pero se ninguén abrise o libro de música, non poderían celebralo, e iso sería unha mágoa, porque levaban dende o ano anterior preparando a festa. Sempre era moi espectacular, pero este ano ía ter máis luces, comida, serpentinas e moitos, pero que moitos sons.

Invitarían a todas as notas que coñecían, e, aínda así, a Sol parecíanlle poucas, e iso que eran máis de duasetas! Cando por fin abriron o libro, sentíronse moi aliviadas xa que así poderían celebralo, pero... Sol desaparecera.

Buscárona por todos os lados, ata naqueles aos que nunca quería ir, pero nada, non a atoparon. Foron ata a súa liña do pentagrama e viron unha nota: «Vou buscar máis serpentinas á tenda da nai de Re. Volvo nunha hora».

Pasado o tempo e como non aparecía, as súas mellores amigas Si e Mi foron buscala, porque non podían aguantar a angustia de non saber nada. Non estaba na tenda e tampouco na da súa tía. De súpeto, viron outra nota debaixo da súa liña, no espazo da Fa. Indicaba que baixasen á liña de Mi. Cando o fixeron, Sol dixo:

–SORPRESA!!! É unha festa para vós, por axudarme nos momentos tristes.

As demais notas quedaron atónitas e todas ao mesmo tempo dixeron:

–Moitas grazas, Sol.

–Falta unha cousa –dixo Mi–, os teus agasallos.

E regaláronlle tantas cousas que non sabía onde metelas.

De repente espertei, fora só un soño. Claro, estaba a soñar coa miña afición, a música, e o que pasou no aniversario da miña amiga Alba.

FICCIÓN OU REALIDADE

Xa era noite e o aire xélido do norte respirábase calando os ósos. O vento movíame o pelo acariñándome a cara como pinceladas dun pincel nun cadro. Case non se vía naquela aldea sen farois, sorte que a lúa facía de farol na noite.

As luces das pequenas cabanas de madeira estaban apagadas. Todo era silencio e serenidade, agás por uns pasos... Uns pasos que non eran os meus. Cada vez escoitaba máis cerca eses sons na miña orella. Nerviosa, acelerei o paso, traguei cuspe con dificultade. Sentín un nó na gorxa. As pisadas achegábanse e, de súpeto, eu estaba correndo. Non podía frear aínda que quixese.

Ao cabo, parei en seco. Ao lonxe mirei unha gabardina negra que viña lentamente cara a min. Tremíanme as mans... Non tiña opción! Cando só estaba a uns pasos de min, esvaeceuse deixando caer toda a roupa ao chan. Quedei tranquila ata que... sentín unha man que se pousou no ombreiro esquerdo. Agora non podía facer nada. Tiña as mans agarradas, unha gota de suor fría escorregoume pola testa e fun caendo a cámara lenta nun pozo sen fondo ata quedar inconsciente.

Ao día seguinte espertei no medio da rúa rodeada da xente da aldea, que me deixaba sen alento pola súa proximidade.

Intentei lembrar o acontecido, pero só me viña á memoria aquela persecución. Sentíame cansa.

Fora o meu cansazo o que me xogara unha mala pasada ou fora realidade?

SALVANDO O BOSQUE MARABILLA

Nunha tarde de outono a señorita Carmela, unha muller fraca de pouca estatura, foi ao bosque Marabilla recoller froitos para cocinar unha deliciosa torta. Camiñaba ledamente, pero tropezou, deu coa cabeza no chan e quedou inconsciente. Cando espertou, encontrábase nunha casina pequena onde vivía un elfo chamado Rasputín.

–Ahhh, un elfo, socorro!!! –gritou tremendo de medo.

–Tranquila, son Rasputín, e case todos os seres fantásticos do mundo estamos aquí, escondidos neste bosque.

Carmela alucinaba.

–Neste bosque diminuto..., como van vivir aquí todos eses seres fantásticos?

–Iso é o que cren os humanos, pero debaixo da terra atópase un mundo cheo de fantasía. Tróuxente aquí para que liberes o bosque dunha maldición que puxo o malvado Martón.

Carmela aceptou, e saíron a buscar a Martón que vivía nun castelo. De súpeto, no medio do bosque apareceu o Fénix Escuro. O elfo díxolle a Carmela:

–Non te movas, os fénix son coma os T. Rex!

–Carmela ficou paralizada.

Mais o fénix mirouna e foi por ela. Por sorte, Rasputín tiña dous dardos tranquilizantes. Lanzoulle un, e o fénix quedou durmido. Pasadas dúas horas chegaron por fin ao castelo. Na entrada encontrábase un centauro que só os deixaría entrar se lle gañaban nun partido de tenis. Conseguírono coa axuda da maxia, por un puntinho de nada. Cando chegaron á cima do castelo, viron a Martón, un rei moi frío por dentro.

–Quen anda aí? –preguntou Martón ao escoitar pasos.

Ninguén respondeu, e Martón, confiado, foi durmir.

Rasputín bisbou:

–Hai que romper esa bóla cristalina. É a que contén a maldición que aprisiona o bosque Marabilla.

Carmela acercouse sixilosamente e rompeuna tirándoa ao chan.

Ao día seguinte atopárona tirada no bosque silencioso. Non lembraba nada do que acontecera.

JAVIER SARMIENTO LIÉBANAS

1.º curso, CEIP Belesar (Baiona)

PASOU UNHA VEZ NUN BOSQUE...

Hai máis ou menos un ano cando ocorreu unha historia increíble a unha familia de coelliños moi graciosa, que vivía nun bosque moi afastado de Galicia.

A familia da que vos quero eu falar tiña varios membros. A nai, o pai e os seus tres filliños: Luisín, que era o máis vello dos tres e o máis destemido; Xaquín, que era o mediano; e, para rematar, pero non por iso menos importante, Uxía, que, aínda que era a máis pequerrecha dos tres, era tamén a máis intrépida e lista de todos eles.

De cando en vez, ía toda a familia visitar as súas primas: a familia lebre, que vivía ao carón dun precioso lago. Xa sabedes que as lebres teñen a fama de ser moi rápidas e saltaricas, e os tres irmáns coellos pasábano de marabilla xogando con elas.

Aínda que alí cerca tamén vivía outra familia con outra fama ben distinta. Era a familia raposa, coñecida en todo o bosque polas súas trasnadas e por gustarlle moitísimo comer coelliños e lebres.

Pois así saíu toda a familia un deses días para a casa das lebres.

Despois de xogar coas primas, decidiron ir ao lago, xa que ía moita calor.

Cando chegaron, puxéronse a nadar deseguido, pero Uxía quedou na beira do lago aburridísima ata que decidiu chimparse tamén.

Pero meteuse de máis e xa non tocaba co pé. Comezou a chamar os demais, pero estaban moi lonxe para escoitar os seus berros.

De súpeto, notou como a sacaban suavemente da auga e, cando se quixo dar conta, a que non sabedes quen era?... Pois un dos irmáns raposos, que era experto nadador.

Dende ese día, raposos, lebres e coellos son amigos e xogan xuntos, que é como mellor se xoga e, colorín colorado... foron felices e comeran cenorias!!

TAMARA SIEIRO PEREIRAS

5.º curso, CEIP San Xoán Bautista (Cerdedo)

VAGALUME

O can avanzaba lentamente, coma se estivese perdido e desorientado, porque acababan de abandonalo, pero el aínda non se dera de conta. Miraba nervioso para os coches que pasaban. Ningún paraba...

Cando, de súpeto, ergueu a cabeza e comezou a camiñar cara a unha pequena vila, e alí atopou unha rapaza que cheiraba coma se fose a súa dona, así que se acercou a ela movendo o rabo e pegando brincos.

Naima acaríñao e o can salta ao seu regazo. Levouno á súa casa e agochouno no cuarto, porque os seus pais non querían mascotas. Que mágoa!

Cando chegaron os seus amigos, Daniel e Irene, levaron unha gran sorpresa.

Que can máis bonito e cariñoso! Comezaron a xogar con el. Esa tarde foi inesquecible para os tres.

Cando marcharon, Irene deixou a porta aberta e Vagalume escapou. Por uns segundos, Naima pensou morrer. Como se facía querer ese can! Ademais xa se afixera á idea de telo e agora volvía estar soa.

Saíu correndo á rúa, mirou a un lado e a outro. Vagalume desaparecera. Os ollos enchéronselle de bágoas, pero aguantou. Os seus pais non debían decatarse de nada.

Pasou toda a tarde buscando por todos os recunchos, percorreu o parque varias veces. Cando volveu á casa xa era noite pecha.

Os seus pais xa estaban preocupados e, cando chegou, preguntáronlle: –De onde vés?

Ela non soubo que responder, e meteuse na cama. Chorou toda a noite.

Á mañá seguinte, doíalle a cabeza e tiña os ollos vermellos e inchados.

Os seus pais decidiron non mandala á escola. Chamárona para ter unha charla, pero, cando baixou as escaleiras, a súa nai tiña algo detrás dela. Oh!, que sorpresa máis grande! Que alegría! Aí estaba Vagalume.

Ao día seguinte levou a Vagalume ao colexio. A mestra pasou toda a mañá falando do maltrato animal, e Vagalume, feliz, no medio de nós.

MARTA SIMÓN REBOREDO

5.º curso, CEIP Varela Buxán (Lalín)

O GAITEIRO DE LIMAS

Había na vila de Limas un gaiteiro de nome Roberto, que sempre tocaba sentado nun carro da praza da vila coa súa boina preferida, que era negra cunha cinta vermella. A xente de Limas adoitaba reunirse ao redor do carro a escoitar os cantares de Roberto, que eran moi coñecidos.

Un día, un tratante de gando que estaba de paso por Limas, e traía canda el a súa filla pequena agochada tras dun oso de peluche, achegouse ao gaiteiro atraído polo bonito son da gaita. Para a sorpresa de todos os alí presentes, o oso botou a cantar a par da gaita.

Máis sorprendidos quedaron cando a boina do Roberto, á que nunca ninguén oíra falar, se puxo a facerlle a competencia ao oso por medo a que o Roberto a cambiase por el. Todo o mundo estaba asombrado, e a nena púxose a chorar pensando que o oso non ía querer volver con ela. Un veciño chamou a Eliseo, o alcalde de Limas, para que impedise que o oso e a boina acabasen rifando por ver quen cantaba mellor.

O alcalde Eliseo nomeounos mellores obxectos cantantes da vila e de fóra dela. A boina recibiu un pin dourado e acariñaba o pelo do Roberto con cariño. O oso recibiu unha medalla de ouro e foi abrazar a nena moi emocionado.

E entón o Roberto espertou enriba do carro, e deuse conta de que quen lle acariciaba o pelo era unha das vacas dun tratante.

MARIO VILLOT LAGO

3.º curso, CEIP Pena de Francia (MOS)

O SOÑO DE MIGUEL

Era unha vez un neno chamado Miguel. Un día, cando estaba na casa sentado nunha cadeira facendo os deberes de coñecemento, quedou durmido. Máis tarde, cando espertou, non estaba xa na cadeira, estaba nunha nube. Miguel non o podía crer, había vacas voadoras, lebres amarelas con ás, peixes con pernas... Logo viu un polbo máxico que lle preguntou:

–Que fas nesa nube? Vai moito frío, por que non imos para a miña casa?

Miguel dixo que si. Cando estaban na casa do polbo, Miguel preguntoulle:

–Como se chama este país?

–Chámase o País Máxico –respondeulle o polbo.

A casa do polbo estaba toda feita de nubes, incluso a comida!

Máis tarde, na hora da merenda, o polbo dixo:

–Por que non merendamos?

Ao acabar de merendar, o señor polbo contoulle un segredo a Miguel:

–Para saír deste país só tes que quedar durmido outra vez.

Entón Miguel deitouse no sofá de nubes e quedou durmido outra vez.

Ao espertar, Miguel xa non estaba na nube, estaba de novo na súa cadeira.

Máis tarde, Miguel díxolle á súa nai:

–Mamá!, estiven no País Máxico.

–Xa, xa, que imaxinación tes fillo!

Miguel marchou para o seu cuarto e alí atopou unha carta que era para el. Cando abriu a carta, era do seu amigo o polbo, agora si que estaba seguro de que o que lle pasara non fora un soño.

XOÁN, O AVENTUREIRO

Xoán era un neno valente e divertido. A Xoán gustáballe moito ir visitar os seus avós, porque alí podía facer o que máis lle gustaba no mundo... Xogar as aventuras co seu curmán David.

Un día xogando as agachadas, Xoán encontrou sen querer un mapa.

Ao ver o mapa, deuse conta de que conducía a un lugar coñecido.

Tanto el coma o seu curmán, non o dubidaron e comezaron a aventura, impacientes por saber o que ían descubrir.

Comezaron a seguir as pistas, pero encontráronse con varios obstáculos que, como bos aventureiros que eran, foron superando.

«Tres pasos cara a adiante, sobe e salta o balo que hai en fronte, vinte pasos á dereita...» Así, ata que por fin chegaron a altura dunha árbore.

A árbore tiña pintada unha frecha de cor vermella sinalizando cara abaixo. Entón, empezaron a escavar. Alí tiña que estar o tesouro!

Despois dun bo anaco, atoparon un cofre cheo de moedas de... chocolate!!!

E eles moi contentos foron correndo a contarlle a aventura aos seus avós.

O que Xoán e o seu curmán non sabían é que todo o fixeran os avós para facerlles unha tarde divertida e chea de aventuras.

CATEGORÍA de SECUNDARIA

secundaria

GAÑADOR NA CATEGORÍA DE SECUNDARIA

SANTIAGO ESPERÓN ABRIL

2.º curso, IES de Valga

ACURRALADA

Xa non sei canto tempo levo aquí metida. Trouxéronme nunha especie de caixón que cheiraba a cartóns vellos e a excrementos. Probablemente xa pasaron por aquí outras antes ca min, sabe Deus cantas. Hai un pequeno burato sobre min polo que entra unha raiola de sol e unha brisa de aire primaveral, pero non chego a el para mirar o que hai fóra. Sinto laios, parece ser que non son a única que está retida contra a súa vontade.

Chegamos ao noso destino, agora xuntáronnos a todas. Somos polo menos unha ducia, pero estamos tan desorientadas que non somos capaces de reaccionar contra os nosos raptos. Damos de comer a todas xuntas e, como non nos chega a comida, pelexamos por ela. Hai unha que é moi mala e quítanos a maior parte do alimento.

Parecemos robots, aínda que algunhas das miñas amigas intentaron escapar, pero non foron capaces e despois non as volví ver nunca. Non me gusta nada este lugar, sobre todo porque escasea a auga e estamos moi deshidratadas. Xa levo aquí bastante tempo, e de momento non sei que facer para escapar. Cada vez estou máis desesperada.

Todos os días pola noite durmo no chan porque non hai máis sitio, e teño moito frío e medo. Un día, cando estabamos durmindo, atacáronnos e acabaron coa vida dalgunhas compañeiras.

Sinto dor no meu interior, algo me está acontecendo. Despois dun anaco de tempo, noto unha presión continua que me atravesa todo o abdome, finalmente poño o meu primeiro ovo. Son unha galiña. Para min a vida continúa, de momento.

PESADELO

María estaba fronte ao espello preparándose para saír de festa. Levaba media hora intentando atopar o seu estoxo de maquillaxe preferido. Cando decidiu usar o outro, a súa mellor amiga chamouna para meterlle présa. Á velocidade da luz, acabou de prepararse. Colleu o coche e marchou en dirección á festa.

Ela conducía o seu vello Opel Corsa ao ritmo de Led Zeppelin. Tan só quedaban quince minutos para poder comezar a gran noite. A medida que se internaba nunha perigosa pista, vía cousas raras: un polbo xigante, naves alieníxenas, cadáveres nos piñeiros... Verdadeiramente estaba empezándose a asustar. Non podía aguantalo máis e colleu dirección á estrada máis próxima. Antes de chegar ao cruzamento, o coche quedou sen gasolina. María non facía máis que maldicir. Aquel lugar dáballe cada vez máis calafríos. Non aguantaba máis. Sen pensalo dúas veces, quitou os tacóns e botou a correr. Por moito que correse, a pista era máis e máis longa. As súas enerxías esgotábanse e cada vez tiña menos forza de vontade. O pánico podía con ela. Despois de tanto correr, as súas pernas renderonse e caeu ao chan de xeonllos. Fundiu as mans na cara e, sen poder evitalo, comezou a chorar. Os ouveos de lobos eran cada vez máis fortes. Unha espesa néboa cubriu o lugar. Sentía que algo avanzaba detrás dela. Cada vez tiña máis medo. Notou como lle botaban unha man no ombro xusto antes de desmaiarse.

A súa mellor amiga, Saray, estaba abaneándoa coa man no ombro e, de golpe, María espertou. Quedara a durmir na praia tras unha longa tarde bañándose nas augas do Caribe. Saray axudouna a levantarse e María abrazouna. Contoulle o soño que tivo con todo detalle. Saray quedou sorprendida ao ver a María tan asustada por un soño. «Tranquila, muller, simplemente o soñaches. Non creas que vai ocorrer de verdade. É imposible!», díxolle a súa mellor amiga. Tiveron que estar un tempo sentadas para que María volvесе á normalidade. Despois foron celebrar a chegada do verán a unha festa na praia. Pasaron toda a noite cantando e rindo, pero María nunca poderá esquecer o medo que pasou.

A PORTA MÁXICA DO ARCO DA VELLA

Son unha aventureira na procura de novas noticias, historias e lendas para saber e contar, e para contar e saber. Fixen moitas viaxes e en todas aprendín cousas novas, mais coma esta historia ningunha.

Contan os que o viron, que houbo unha época na que existiu durante moitos anos un arco da vella nacido en Galicia. Moitos sabios e mestres din que os arcos da vella se forman ao unir unhas partículas de auga..., pero están equivocados, non saben que son coma calquera outra persoa, que cada un ten a súa porta por onde entran e saen de ceo en ceo, e permanecen alí ata que se aburren, e só deixan naquel lugar a súa lembranza na cabeza das nenas e nenos que o viron.

Houbo unha vez unha aldea onde apareceu un arco da vella coma tantos outros. As persoas da vila mirábano e el estaba feliz, é máis, foi feliz durante tanto tempo que, cando quixo saír, non atopou a súa porta. Pasaron os días e aquel ser seguía alí. Os vellos da aldea intentaban buscar unha explicación pero non a atopaban.

Ao cabo dun tempo, o arco da vella foi esmorecendo, perdendo as súas cores. Ata que certo día reparou nel unha rapaza que berrou:

–Está triste!

Entón reuniuse a rapazada da aldea e pintárono das diferentes cores que antes amosaba.

Días despois desapareceu. Daquela, a xente decatouse de que a única porta está na forza da imaxinación.

Aquelas rapazas e rapaces quedaron cunha mestura de ledicia e tristura nos seus ollos.

Isto é verdade e non minto, e como me contaron, eu cóntoo.

ENTRE CINZAS

Pasaron moitos días caendo cinza. Non me atrevía a abrir a fiestra por medo a que penetrase no salón. A luz era feble e eu tiña sede. A sede dos mortos, dos que perderon a esperanza, dos que, paralizados polo medo, senten na súa gorxa deterse todas as verbas. Pouco despois levantouse o vento. Non era o vento de sempre: zoaba timidamente polas fendas, golpeaba as follas secas con dedos trementes, deixábase caer polos tellados mansamente, rendido e fatigado. Eu esperaba escoitar algunha voz que me dixese que non estaba soa, que me axudase a deixar de lado os pensamentos que xiraban no meu interior, e tanta era a intensidade do meu desexo que aquela mañá ouvín por vez primeira os golpes. Comezaron no faiado e semellaba un rañar de unllas no chan. Nun primeiro momento pareceume obra do vento pero, cando prestei atención, descubrín, asombrada, a súa cadencia, o seu ritmo case musical.

Uns días máis tarde vencín o medo. O salón ás escuras estaba cheo do son, dun ritmo que facía vibrar as cortinas, as flores murchas do floreiro, a randeeira da miña nai, xordo e grave, inexplicable. Eu sabía que xa era posible saír ao exterior, pero intrigábame a orixe do rumor que semellaba crecer lentamente. Subín as escaleiras e abrín a porta decididamente.

A estancia baleira enmudeceu entre tebras. Volveu a soidade, caeu nas tellas o aloumiño da cinza. O vento camiñou quedo como un gato á espera.

Baixei e sentínme aliviada por estar soa. Con ese sentimento camiñei cara á porta, precisaba saír ao fin.

Así nacín, así sinto que nacín: empurrada por un ritmo, entre cinzas.

AVENTURAS ENTRE CONTOS

«... e viviron felices para sempre.» Águeda pechou o libro sen ganas e mortalmente aburrída. Odiaba eses libros onde as princesas e as fadas protagonistas casaban cun fermoso príncipe e sempre saía todo ben.

Águeda era unha rapaza duns oito anos á que lle encantarían os libros de aventuras... se os seus pais llos mercasen. Eles dicían que era demasiado pequena para ler libros tan grandes e complicados.

Así que ese día, Águeda decidiu que xa non aturaba máis tanta princesa feliz, e aproveitou que estaba soa na casa para ir ao faiado e buscar entre as cousas vellas do seu avó. Os seus pais non lle deixaban entrar alí pero quizais había algún libro de aventuras interesante.

Ao cabo dun tempo, fixouse nun vello libriño de tapas vermellas. Ao collelo decatouse de que en letras douradas estaba escrito: Aventuras entre contos. Era xusto o que buscaba!

De pronto oíu o coche dos seus pais, e agochou o libro no seu cuarto.

Pola noite, tras esperar a que os seus pais estivesen durmidos, Águeda acendeu unha lanterna e púxose a ler.

O libro comezaba así:

«Existe un lugar onde se atopan todos os contos que foron contados. Os seus habitantes poden participar nos contos que alí se gardan. Para ir a ese lugar só basta con desexalo e...».

De súpeto, o libro caeu ao chan porque xa non había mans que o suxeitasen. Quedou aberto pola última páxina.

«Estes son algúns dos nenos que viven alí: Breixo, María, Xoán... e, dende hai pouco, Águeda.»

Ninguén volveu ver a Águeda pero, se aparece o seu nome nalgún conto, seguro que é ela.

VIRGINIA ESTÉVEZ SUÁREZ

3.º curso, IES Mestre Landín (Marín)

FOISE CO SANGUE

Todos os habitantes daquela aldea perdida recordaban o bosque sempre igual dende tempos inmemoriais, sen cambios, ata os máis vellos entre os anciáns. Pero ninguén vira antes un lobo coma aquel, enorme, tan branco como a neve antes de ser estragada, e o pelo longo e tan suave coma o algodón.

Estaba deitado ao pé dun alto abeto vermello co tronco grosso e forte, cuberto de neve unicamente nas súas pólas e follas máis exteriores, pero aínda verde e cálido no seu interior. Ademais, tiña terra branda coma un colchón de plumas entre as raíces, onde o vello animal, deitado e sen forzas, intentaba mitigar a dor da súa pata lambéndoa. Aínda a tiña atrapada nun cepo, colocado con toda seguridade por un desaprehensivo cazador, e o sangue saía rápida e incansablemente, semellando moito máis líquido do que era en realidade. O animal decatábase de que con el se esvaecía sen remedio a súa vida, pero aquel era un bo sitio para morrer, sen recordos amargos de pelexas e abandonos, o mesmo lugar onde nacera moitos anos atrás e onde estivera cos seus irmáns e irmás ata que foron o suficientemente maiores como para emigrar ao bosque máis profundo. Pechou os ollos e exhalou alí o seu último suspiro, onde, por fin, podería descansar sen preocupacións para sempre, o lugar que o viu vivo por primeira e última vez.

SARA FARO LUBIÁNS

2.º curso, IES de Salvaterra de Miño

BAIXO A PEL

Sempre estaban xuntos.

Habitaba na certeza duns ollos cansos.

Alí permanecía, se os abría, se os pechaba ou ben se endexamais esperaba.

Aproveitaba calquera intre para marabillala coas súas tenras verbas.

«Es a máis fermosa do lugar», xuráballe.

Un falso testemuño que, á vista do xuíz, soaba convincente.

Eu nunca vira tal descaro. A este tolo que a mantiña nun permanente estado de felicidade gustáballe facerse dano. Mais prevalecía nas pedras do seu camiño, e retirábaas ao seu paso, impedindo a caída.

Cando aquela moza da que vos falo estaba acompañada doutras persoas, ou ben por min, o seu propio home, el marchaba. Agochábase tras dela, asexando baixo a pel.

Ela atopábao alá onde fose. Era o destino, supoño, que emerxía das profundidades sazonadas e inxectábao no seu ADN.

A presenza deste apoderábase das súas terras, daquilo que ela conquistara tras anos de loita; o seu propio pensamento.

Recollía os entullos que deixara o vendaval dun amor en ruínas, dun amor que xogaba ao equilibrismo no fío da fronteira co histerismo.

Desfacíaa, levaba anos desexando cosela dunha maneira que non doese tanto.

Foi naquel amencer, fronte ao espello, cando a moza lle mirou a face por vez primeira a quen sempre puxera o seu empeño en coidala. Era ela mesma, o seu reflexo.

«Es a máis fermosa do lugar», reiterou este.

Brindoulle un sorriso e ela devolveullo case á par.

Aínda agora, ás veces, dubida de que a sentenza daquel xuíz fose verdadeira.

Mais aquí estou eu, para recordarllo.

É ELA

Fálame. Proponme que deixemos todo atrás. *Lébramo.* Con «todo» quero dicir un catre, unha pequena mesa de estudo, unha vella cadeira de madeira semiquebrada e unha lámpada pendurada no teito descascado. E ela *insísteme.* Quizais a culpa sexa miña, non saio moito, mais non podo evitar cruzarme con ela neste apartamento dun só cuarto, pequeno. *Aso-bállame.* Precisamente o que desexa é viaxar, ver gamas doutras cores, luz natural, solo de herba e terra, vento azoutando. *Abáfame.* «Percorrer o mundo alimentándote do aire e bebendo do vento», dime sen atender a razóns. *Importúname.* É coma se me rexistrase, profundando ata lindes descoñecidos para esta parte racional coa que me autogoberno, hipnotizándome mirando para ela borrosamente. *Fustrígame.* A tortura con maior efectividade non é aquela que inflixe máis dano, senón a que persevera constantemente o teu maxín ata que xa non é quen de aguantar tal e sen te decatar claudica. *Abóuxame.* Estou caendo na súa máquina de falcatrudas, de maleficios, de diverxencia e... *Asédíame.* Non podo, debo seguir traballando, non me debo arriscar, non sei que riscos me agardan fóra e non teño ningún futuro asegurado. *Acósame.*

–Miña ruliña, repítoche que logo falamos, agora preciso concentrarme –dígolle mentres reitero no mesmo pensamento «téñome que desfacer desta maleta...».

A CASA DAS PORTAS

Discorría, cos pés descalzos, por unha ampla galería. Perdera os zapatos na última proba, no «cuarto da auga». Agora alzábanse dúas portas. No manubrio de latón, estaban tallados dous nomes:

Á esquerda, familia. Á dereita, selva.

Calquera das dúas podía ser a súa salvación... ou a súa perdición. Ao principio da proba, separárase do seu irmán que escollera outra porta para, se algún saía primeiro, poder avisar a policía. Pero despois de varias probas, abandonara toda esperanza.

Selva, un cuarto cheo de árbores exóticas.

Familia, o seu (posible) encontro co seu irmán.

A razón dicíalle que non podía ser iso, pero os seus sentimentos empuxárono ao interior da segunda porta.

Estaba escuro. O cuarto era extenso. Palpou as paredes e descubriu que estaban cubertas por unha tea negra. Turrou delas e detrás atopou numerosas ventás, que reflectían diferentes momentos da súa vida, dende a súa doce nenez ata as agonías que sufrira hai cinco minutos. Paseouse por todo o cuarto ata chegar a unha porta na que poñía «fin». Pensou que non sería a porta correcta así que deu media volta. Pasou por diante dun cadro. Aínda tiña un cacho de tea tapando un recanto, pero nel estaba el entrando na porta e reencontrándose co seu irmán perdido. Outra vez os sentimentos apoderáronse del e abriu a porta a toda présa.

Ao outro lado, atopouse co seu irmán. El estaba ditoso, pero o seu irmán tiña unha expresión terrorífica.

«Acaso sabes o que acabas de facer? Estamos atrapados!»

Dende a parede oposta á porta, había unha ventá. Achegáronse a ela, e viron que no marco desta había marcas de rabuñadas. Intentaron con todas as súas forzas abri-la, pero era moi pesada. Unha sombra apareceu detrás deles, ameazante, escura, sanguinolenta.

O último que se escoitou foi o ruído do vento petar na ventá.

ANDREA GONZÁLEZ ÁLVAREZ

1.º curso, IES Mendiño (Redondela)

SAE DA MIÑA VIDA

Sabes que está detrás da porta, aloumiñando o gato. Non ten chave, pero pode timbrar. Mírala dende a porta do baño. Fas tempo. Non queres abrir. Xa se burlou suficiente de ti onte. Non podes descansar nin sequera un sábado? Sabes que non podes. Non te vai deixar. Perséguate, búrlase, ri cando fallas e cabréase cando acertas. Váiseche ir das mans.

Escoitas o gato miañar. Os seus fortes dedos apértano. Escoitas tamén ruído de rabuñadas e estragos. Ben por Boliña! Fíxoa chorar. De súpeto, sénteste mal. Malvada, coma ela. En que te estás a converter? Non queres ser así. Non queres ser un monstro. De súpeto... timbra. Abre. Tes que abrir, xa te viu. Pero non queres. Abandónante as forzas e desmáiate.

Cando espertas, non recordas nada. A través da porta de cristal translúcido só podes ver a Boliña. Saes fóra. No colar antipulgas do gato hai unha nota. Tréménche as mans mentres a colles. Non a abras. Non queres abrila. Xa a abriches. Por que? Non a leas. Tes medo. Pero tamén tes curiosidade. Vécete a curiosidade e les a nota. «Es unha covarde. Seguireite ata a fin do mundo se fai falla.» Bótaste a chorar. Non o podes evitar.

Botas a correr cara á terraza. Sobes á varanda. Unha mala idea aparece na túa cabeza. Vas saltar. Quieta! Non saltes! As lágrimas esvaran polas túas meixelas. Saltas.

Onde estás? Por que che colgan cables dos brazos?

–Xulia, Marta xa confesou o que fixo. Por que non nos dixeches nada?

Bótaste a chorar. Aínda que non o creas, sempre hai xente disposta a axudar. Non o esquezas.

MARÍA GONZÁLEZ BLANCO

2.º curso, IES Manuel García Barros (A Estrada)

O ESTRAÑO CASO DE MARTIÑO

Martiño vivía en Ferrol cos seus pais, Mara e Fernando. Este neno nacera cun problema que nin el nin os seus pais entendían. Mara, nerviosa, levouno a un psicólogo pero este non vira nunca un caso así. O problema que tiña era que cando naceu se lle notaba no brazo esquerdo un pétalo que estaba por debaixo da pel; e despois foi saíndo á superficie. Era un pétalo dunha cor rosada.

Cando Martiño tiña dez anos espertaba, cada certo tempo, cun pétalo máis no brazo.

Un día, cando ía camiño á escola, atopouse cunha rapaza, Paula, a cal, sen querer, lle tirou un montón de papeis que levaba. Esta rapaza contoulle que era orfa. Tamén lle dixo que tiña doce anos e que os mércores, os venres e os domingos adoitaba ir ao parque darlles de comer ás pombas.

Martiño comezou a facerse amigo de Paula e víanse todos os domingos no parque. Cando os seus pais se decataron de que se estaba vendo cunha rapaza maior ca el pensaron que era perigoso. Un día Martiño creu que era o momento para confesarse coa súa amiga. Contoulle todo e ela díxolle que tamén lle pasaba o mesmo. Cando chegou á casa contoulle todo aos seus pais e creron que non sería tan mala influencia porque compartían unha cousa moi curiosa.

Niso que, un día, Martiño se levantou cun só pétalo e comentoullelo aos seus pais e a Paula. Os seus pais mostráronse estrañados e Paula díxolle que ese día podía pasar algo indesexable, xa que eles eran como flores ás que cando lles caen os pétalos morren. Ao chegar á casa contoullelo aos seus pais e nese mesmo intre Martiño esvaeceuse no aire. Os pais quedaron chorando desconsoladamente e, ao contarllo a Paula, outro tanto. Os tres pensaron que por que lle tivera que pasar iso a Martiño.

BÁGOAS TRAS A NÉBOA

Ana tiña trinta anos, era psicóloga e estaba casada cun arquitecto. Tiña amigos, familia... , adoitaba levar os fillos á escola todos os días, sempre polo mesmo camiño. Sempre a mesma ruta. Esquerda. Rotonda. Xiro á dereita. Todo controlado, sempre o mesmo destino. Gustáballe ese camiño, solitario, dedicaba eses minutos a pensar. Adoitaba distraerse e deixarse levar pola inercia do costume. Sempre a mesma rutina.

Ese día era diferente. Era o festival de fin de curso e saían con dez minutos de atraso. Sempre o mesmo camiño, mais xa non o mesmo horario. Estaba nerviosa porque non lles daba tempo. Meteu os rapaces no coche. Xemellos de tres aniños. Inocentes. Cativos. Xa non podía parar. Arrincou. Non había tempo para nada. Debía chegar á escola e ir correndo ao traballo. Tiña reunión. Comezou a pensar no que pasaría se chegaba tarde...

... A ambulancia facíase paso e os policías buscaban a quen preguntar. Un corpo tapado cunha saba branca e..., e dous nenos chorando. Xoán e Antón. Inocentes. Cativos. Un berraba sen respiro, collía a perna cunha man tapando coa outra a cara. O outro, no chan; encollido, aniñado, esperando espertar do pesadelo. Estaba e non estaba, dera co cristal frontal do coche e o seu estado era coma un pitiño, fráxil. Na ruta de sempre. Mai e nenos sen cinto, sen protección. Mai e nenos separados de por vida. Mai e nenos sen poder aprender uns dos outros. Mai sen nenos e nenos sen mai. Agora, Xoán e Antón, sen mai. Agora, Ana, sen nenos.

Entre o barullo de cámaras, policías e médicos, as voces dos meniños resoan. Voces baixiñas, apagadas. Ninguén contesta. Por non perder un intre na vida, perdeuse a vida nun intre. Xoán cae durmido, Antón soña ao seu carón, Ana xa non esperta.

A MÁQUINA Á QUE LLE GUSTABA CORRER

Empezarei dicindo que me chamo Dell, son unha máquina de escribir. Nacín no ano 1970 e no mesmo momento trasladáronme a unha fábrica na que facía declaracións da renda. Pero despois de catorce anos, o dono da empresa trouxo unha caixa que poñía PC. Dende ese momento, quedei nun recuncho escuro un ano, sen ninguén que me fixese compañía.

Ao pasar aquel ano, levoume para a súa casa, e as miñas trinta e tres patas volveron correr, pois el volvérase escritor no tempo libre. Durante case dous anos non paramos, ata o remate dun libro. Logo, volveume pasar o mesmo, volví a un recuncho escuro cando el comprou un mini PC.

Como lle daba pena desfacerse de min, deume ao seu fillo. Nun comezo parecínlle un traste inútil, mais acabeille gustando, pois facía que as súas ideas saísen á luz en contos infantís.

Oito meses, nin un ano, foi o que durei con aquel neno, que xa era maior e quería un ordenador coma o pai, así que volví deixar de correr e acabei nun rocho con outros cachifallos.

Tiveron que pasar outros tres anos ata que un día petou á porta un home que procuraba antigüidades para facer un museo na vila. O rapaz lembrouse de min, a vella e poeirenta máquina de escribir, e logo de consultar co seu pai, fun doada ao museo, onde dende ese momento comparto andel cunha máquina de tecer de hai corenta anos e con outros obxectos de características parecidas e de igual importancia.

Para rematar este relato da miña vida debo dicir que estou moi contenta, pois vexo que a xente que vén nos mira con admiración, posto que se dan conta da importancia que tivemos no desenvolvemento deste mundo noso.

A VERDADEIRA HISTORIA DAS CORES

Ao principio o mundo era un lugar triste e estraño no que só existían o branco e o negro.

As gotas de auga, que nese momento gobernaban o mundo, estaban en guerra co Imperio do Sol. Todas as gotiñas se refuxiaban baixo unha capa protectora de xeo que construíran sobre a superficie do océano. Non obstante, Aqua, unha gota que desprendía curiosidade, estivera investigando e atopou que a masa de xeo tiña unha fisura nun lugar que só ela coñecía. Marabillábaa o mundo exterior, e aquela luz agrisada que do Sol emanaba.

Visitaba ese lugar sempre que podía, e un día sucedeu algo inesperado: o Sol empezou a falar con Aqua a través dun dos seus raios. Os dous querían cambiar o lugar no que vivían e parar a guerra na que estaban sumidos. Así, un día tras outro, e sempre en segredo, víanse e falaban, e gozaban moito pasando tempo xuntos.

Como era de supoñer, acabaron namorando e decidiron casar ás escondidas. Así Aqua saíu do seu refuxio e o Sol baixou á Terra. A cerimonia carecía de convidados, pero eles queríanse e iso bastaba. Cando esta terminou, fundíronse nunha aperta, e ese momento foi no que estalou unha explosión de cor, e se formou o primeiro arco da vella da historia. Un instante que sen dúbida cambiou o mundo. Os dous, emocionados e estrañados, comezaron a bailar e déronse conta de que todo o que tocaban e pisaban adquiría cor. Percorreron así todo o planeta distribuíndoos polo mundo.

Finalmente rematou a guerra co arco da vella por bandeira, e agora podemos ver o mundo con outros ollos.

O ENTERRADOR

Mentres enterro o morto, penso: «En tantos anos de traballo que levo, nunca encontrei unha persoa a cuxo enterro non fose ninguén».

Paréceme moi estraño xa que o morto é novo. Terá uns vinte e cinco anos.

Busco na Internet quen é e que información podería obter del. Non aparece en ningures. É inexistente.

Decido ler o documento identificativo que me dan de todas as persoas que enterro. Causa da morte: indefinida.

Cada minuto teño máis e máis ganas de saber quen é.

Observo, segundo os papeis, que vivía nunha zona pouco visitada de Lugo. Decido ir ata o seu domicilio para ver se podo descubrir algo.

Cando chego, unha casa moi antiga invade os meus ollos. Unha sensación increíble xa que a casa, dalgunha forma, ten un certo poder de atracción cara a min.

Saio do coche. Abro a miña cigarreira e prendo un cigarro. A cada bafarada de aire que collo, máis ganas teño de entrar.

Remato o cigarro e procedo a entrar na casa. Fico á porta. Está aberta.

Entro. E o primeiro que percibo é unha voz. É unha radio que reproduce unha cinta e unha mensaxe que di...

Isto foi o que encontrei: un caderno tirado nesa casa.

Meu pai desapareceu e este relato é o único recordo que teño del. Meu pai levaba case oito meses desaparecido cando eu nacín. Agora teño vinte e cinco e herdei o traballo de meu pai. Leo isto unhas cantas veces ao día e espero. E teño a confianza de que meu pai vai volver.

SEN RECORDOS

Libros, papeis, estelas, roupa, fragmentos de cristais. Todo cubría o chando do cuarto de Xulia. A rapaza, atordada, non recordaba nada do que acontecera naquel cuarto. Sentou enriba dunha morea de papeis rotos, xa que tanto a cadeira como a cama estaban envorcadas, e mirou derredor, desconcertada. Unha dor aguda na palma da man fíxoa volver do seu ensimesmamento. Tiña un dos cristais cravados; a lámpada do teito estaba completamente destruída. Todos os mobles rotos, páxinas de libros arrincadas, a porta fóra dos seus gonzos. Xulia estaba asustada. Non sabía que ou quen fixera aquilo. A pesar de non ser a primeira vez que ocorría sentíase coma se así fose. Era coma se un furacán arrasase o seu cuarto, un furacán que cada vez acudía máis frecuentemente e con maior intensidade. Fose o que fose, a súa familia temía. Recordaba a cara de terror de súa nai a última vez e como ela intentaba ocultala detrás dun forzado sorriso. Non obstante, ninguén parecía querer contarlle nada. Aínda que non sempre era así, normalmente sucedía no seu cuarto. Ese feito preocupaba aínda máis a Xulia e non entendía o porqué do silencio da súa familia. Levantouse e, lentamente, achegouse a un libro, ou ao que quedaba del, pois o seu estado era lamentable, e colleuno con delicadeza. Coma se fose un raio de luz, os recordos do que acontecera chegaron á súa memoria e tivo medo, máis medo que antes. Co libro na man non podía deixar de recordar o momento no que o ciscara e o rompera e o momento no que rompera todo no seu cuarto.

A BRUXA

Eu fun muller.

Esvaro e caio. Os xeonllos tremen sobre os alicerces ensanguentados. As mans retórcense e os meus ollos bradan dor. O cabelo impídeme ver. Son valente. Atrévome a mirar.

Inclino a cabeza e empeza a falar. Palabras. Palabras. Esvaro lentamente. O abismo negro é eterno. Oprímeme. Xa non oio. Déixame xorda e cega. Berro. O garrote estala no meu cranio. Os cravos resgan a pel. O corazón emana sangue negro. As serpes veñen e amoréanse encima miña. Non podoo respirar. Elas rin. Rin a carón das bágoas salgadas da dor. Perdo o coñecemento.

O frío espértame. Recordo o louro. Recordo as palabras e os ollos verdes do louro. Lembro o veneno co que me ollou e tamén qué me chamou. Recordo a súa voz. Recordo as súas acusacións. Recordo o seu afán de xustiza. Recordo que eu era valente. Recordo sentir nos ósos o inferno en canto se me revelou o castigo. Recordo o esvaecemento. Recordo a palabra fogueira. O negro volve. Agarro o cabelo e tiro cunha forza brutal. Puntos de proído férvenme na cabeza. Perdo o coñecemento.

Volvo espertar. A escuridade envólleme. A calixe é difícil de describir. É negra. Apesurada. Ás veces, cando me concentro, vexo matices brancos. Son pequenos e parecen bailar. Cando trato de fixar a vista neles desaparecen. Evapóranse na negrura. Quizais sexa a alma da escuridade. Din que todos teñen unha. Espero.

Agora volven. Xa está. Obríganme a camiñar. Todos me berran. Átanme. Berran. Prenden lume. Berro. E a escuridade vén para comerme. A brétema volve, mais o negro en vez de opaco vólvese translúcido e permíteme o último ollar. Din que todos teñen alma, agás os animais. Hoxe estou rodeada de bestas. Perdo o coñecemento. Morro.

Eu fun muller.

BADALADAS

Non pode ser, inda non o creo. Non é posible. É hoxe, ao fin. Que guapo está. Alfredo, meu amor, hoxe casamos. Parece fantasía esta visión de Alfredo con cor nos beizos, de pé, e sen rastro desas febres que o atormentaron os últimos meses. Que saberán eses médicos, que non lle daban máis de dous meses de vida! Matasáns! Nótaselle máis delgado, pero inda así o traxe do seu pai séntalle moi ben. Non podoo ser máis feliz. Parece que todos os meus soños de nena van facerse realidade despois de tanto tempo. Nada podería estragar este día, nin tan sequera os berros dos meus sobriños, nin a habitual borracheira do tío Xosé no banquete. Esta é a miña oportunidade de ser feliz, que xa bastantes penurias pasei cando morreu mamá. Teño a sensación de que o meu corazón gañaría nunha carreira a un cabalo desbocado. A igrexa está preciosa, toda decorada con flores brancas e vermellas. Miro ao meu pai e el esboza un sorriso, como dándome valor. Miro de novo cara a diante, aí está el, con eses ollos azuis anxelicais que non cambiaron dende que era un neno. O meu soño feito realidade. Pecho os ollos. Xa escoito o son das campás, tan doce...

Abro os ollos. Sigo escoitando as campás. Estou de novo na casa, e de repente comprendoo todo.

As campás da igrexa tocan a morto.

A TORRE DO RELOXO

A torre do reloxo da praza estaba iluminada pola luz da lúa. Xesús que estaba mirando á lúa, preto da biblioteca, sobresaltouse ao escoitar a alguén que o chamaba.

–Xesús, ben axudarme a facer o traballo! –dixo Antón dende a porta da biblioteca.

–Xa vou –dixo Xesús.

E foi a axudalo. O traballo consistía en escribir unha noticia da lenda que había sobre a torre do reloxo. Non cría que as lendas fosen verdade pero gustáballe axudar.

Horas despois foi dar unha volta para descansar un pouco. Foi a un banco que había preto de alí, sentouse e quedou durmido. Espertou máis tarde, sobresaltado por un pesadelo e marchou correndo á biblioteca.

Pero ao chegar alí a porta non abría e buscou outra entrada. Dentro non había ninguén, así que marchou cara á súa casa. Pero alí tampouco había ninguén. Estrañado, marchou cara á praza.

Alí había alguén, unha persoa que estaba mirando o reloxo, e el quedou mirándoa fixamente. Cando a persoa se deu conta da súa presenza marchou correndo. Xesús sorprendeuse, aquela persoa era igual ca a xente da lenda, a pel branca e os ollos vermellos.

Logo de sobrepoñerse púxose xusto onde estaba aquela persoa e mirou o reloxo. Empezou a atoparse mal e a ver sombras estrañas. Asustado marchou correndo ata tropezar cunha fonte, mirouse na súa auga e non creu o que veu. Tiña a pel pálida e os ollos de cor vermella.

Levantouse lentamente, deu media volta e mirou cara á lúa. Tiña a maldición da lenda. A única maneira de que desaparecese a maldición era encerrando alguén que tivese a mesma maldición na torre do reloxo. Cando de súpeto viu a persoa de antes que o miraba con maldade.

Podería facer algo para salvarse?

LUCÍA PIÑA MOREIRA

2.º curso, IES Valle-Inclán (Pontevedra)

SOCORRO!!!

Soa. Estaba soa. Sumida nunha profunda escuridade. Pensando en cando podería brillar para os demais. Soñando nese cuarto tan grande onde a tiñan encerrada coas súas aterradas compañeiras, que sufriran o seu mesmo destino... Sabía que pronto as trasladarían a un sitio enorme para seren expostas e que as empregasen sen pudor. Para seren electrocutadas polos seus sádicos novos donos sen misericordia, ata poder observar que os seus condutos internos se debilitasen e, finalmente rebentasen...

Así era a vida de Luz e as súas camaradas. Sufrindo o mesmo todos os días. Ata lles sacaban clons para preservalas por sempre así. E elas, ás veces, daban en tirarse dende elevadas alturas para así morrer.

Unhas viñan de Berlín, outras de París, outras do Iemen... Alí había unha mestura de culturas impresionante, pero todas dicían o mesmo: «Socorro!! Sacádeme de aquí!! Por piedade!!».

E chegaba o xa mencionado arrepiente traslado dunhas por riba das outras.

Unha mañá asollada, Luz xa fora mercada e estaba na súa nova casa.

–Mamááááá!!!!!!! Mamááááá!!!!!!!

–Que pasa, ho?

–Caeu!

–Non!!

Luz, era Luz... Aquela pobre muller morrera a mans dun psicópata que a electrocutara polo simple pracer de ver a luz que producía...

Que mágoa me daba aquela lampadiña. Ai, miña naiciña! Descansa en paz, bonitiña!

Agora xa o pensaredes mellor antes de mercar unha. Ou non?

EFI PRIETO CAMPOS

1.º curso, IES Manuel García Barros (A Estrada)

A CAZADORA DE PEL

Baixei as escaleiras, calcei as botas e saín da casa, despois de coller un bo anaco de pan.

Asín o arco e preparei unha frecha, despois interneime no bosque ata que albisquei un coello de gran tamaño e, sen pensalo dúas veces, disparei. A frecha quedou incrustada no lombo do animal. Achegueime e apañeino, debido ao seu gran tamaño non tiven que cazar máis nada.

Dirixinme satisfeita pola miña captura á praza da aldea, onde o meu comprador habitual me esperaba todos os días.

Estaba moi cansa porque o traxecto ata alí era moi longo e pesado. Unha vez que o meu cliente me pagou ben pola pel do coello, decidín pasar o resto do día na praza ollando os postos e procurando os ingredientes do que ía ser a miña cea. Cando empezou a escurecer dirixinme á miña casa cunha gran cenería, unhas cebolas e un anaco de polo que mercara co diñeiro que gañara vendendo a pel.

Así que acabei de cear, subín ao piso de arriba onde se atopaba o meu cuarto. Estaba tan esgotada que só fun quen de darme un baño e de me meter na cama onde me deitei preparada para empezar outro día coma outro calquera.

NEREA PUÍME MARTÍNEZ

4.º curso, IES A Xunqueira I (Pontevedra)

VER

Dende pequena sempre me dixeron que tiña un don.

A primeira vez que ouvín estas palabras eu non sabía o que querían dicir. Cría que «don» era unha maneira formal de dirixirse aos señores, e eu pensaba para min que non tiña ningún «don». Cheguei a preguntarme sobre se se referían ao meu pai ou a algún dos meus xoguetes. Non o sabía, e tampouco me importaba.

Xa cando fun crecendo comecei a comprendelo, pero non porque mo explicasen, senón porque notaba que eu podía ver cousas que os demais parecían non percibir. E non, non estou falando de pantasmas. Non no sentido literal da palabra, claro..., aínda que, en certa maneira, o eran.

Falo de momentos.

Pequenos pedaciños de realidade que corren ante os nosos ollos como bolboretas, e que os demais non vían... ou semellaban non ver. Eu era a única que os visualizaba na miña mente con perfecta claridade, e a única que os sentía. E sempre, incluso antes de dar-me conta de todo isto, dedicábame a capturalos coma se de insectos se tratasen.

Que máis dicir? Pasou moito tempo, pasaron moitos instantes ante os meus ollos. Agora estou aquí, contemplando todos estes fragmentos de existencia esquecidos por todos excepto por min da maneira na que se mira unha vasta paisaxe. Levo recolléndoos dende que teño uso de razón, dende que ouvín aquelas palabras por primeira vez. Agora si que entendo cal é o meu don.

A capacidade de conxelar o tempo.

PATRICIA RIVEIRA MAGÁN

2.º curso, IES Manuel García Barros (A Estrada)

SOÑOS

Unha vez escoitara falar dun país con igualdade de oportunidades. Dicían que todos tiñan un teito baixo o que durmir e algo quente que levar á boca diariamente. Presumían de ter un sistema de educación exemplar para todos os interesados, onde só primaban o esforzo e a constancia. Falaban tamén dunha sanidade que chegaba a calquera persoa que a necesitase, sen importar o custo do seu tratamento. O máis estraño do conto, era o feito de que os seus gobernantes eran xente de ben. Xente que se preocupaba polos máis desfavorecidos e necesitados, xente con valores. Nun primeiro momento non comprendeu ese termo. Un vocábulo obsoleto, perdido no tempo, utilizado había moito tempo polos seus devanceiros, aqueles que viviran nun país cheo de oportunidades, aqueles que coñecían o significado máis amplo da palabra.

O home comezou a darlle voltas ao escoitado e unha idea formouse na súa cabeza. Se ben era verdade que os homes tiñan obrigas que cumprir, sería menos verdade que tivesen dereitos? Eses dereitos dos que parte da poboación se vían coutados, habían de ser de obrigada solución por parte dos gobernantes, xa que eles eran os máximos responsables dos cidadáns. Eran eles os primeiros en dar exemplo de conduta, utilizando eses valores perdidos: honestidade, xenerosidade, humildade, piedade...

E o que nun primeiro momento pareceu ser algo sen sentido, un conto escoitado non se sabe ben onde, virouse unha realidade, chegando a calquera nivel social. Só aquelas persoas que rexían as súas vidas grazas ás virtudes eran loadas e respectadas. Pola contra, aqueles que durante lustros co seu comportamento amoral sumiran a plebe na marxinalidade foron afastados, sufrindo a indiferenza. Esa que fai que as persoas se sintan derrotadas, sen ganas de vivir, tal e como se senten os que viven nun país carente de valores humanos.

O LEÓN E A LEBRE

Vivía nunha montaña un león chamado Puchiño que se entretaña en matar por capricho a toda clase de animais. Un bo día estes reuníronse en asemblea e decidiron enviarlle unha embaixada.

–Señor –dixéronlle–, por que destrúides así, sen ton nin son, os animais? Tede paciencia. Todos os días escolleremos e enviaremosvos un de nós para que vos alimentedes.

E así foi. O león, a partir de entón, devorou todos os días un daqueles animais. Pero, cando lle chegou a quenda a unha lebre vella, esta díxose para os seus adentros:

–Soamente se obedece a aquel a quen se teme, e iso para conservar a vida. Se hei de morrer, de que me servirá obedecer o león? Vou, pois, tomar o asunto con moita calma e moito tempo. Non pode custarme máis que a vida e esa xa a teño perdida.

Así, pois, púxose tranquilamente en marcha e íase detendo polo camiño, aquí e alá, para considerar a paisaxe e mastigar algunhas saborosas raíces.

Por fin, despois de moitos días, chegou onde estaba o león e este, que tiña fame atrasada, preguntoulle moi colérico:

–Por que demos vés tan tarde?

–Eu non teño a culpa –respondeu a lebre–. Outro león retívome á forza e obrigoume a xurarlle que volvería ao seu lado. Por iso, en canto puíden, vin a dicirlllo á vosa maxestade.

–Lévame pronto onda ese miserable que descoñece o meu poder! –dixo o león encolerizado.

A lebre conduciu o rei león xunto a un pozo moi profundo e díxolle:

–Mirade, señor, o atrevido e insolente está aí abaixo no fondo da súa cova.

E mostrou ao león a súa propia imaxe reflectida na auga do pozo.

O león Puchiño, o rei da montaña, inchado de orgullo, non puido dominar a súa rabia e, querendo esmagar o seu rival, precipitouse dentro do pozo, onde encontrou a morte.

O cal proba que a intelixencia é máis importante que a forza e que a forza sen a intelixencia non serve de nada.

A MENTIRA VISTE DE MARCA

Braulio, ou don Braulio, como moitos lle chamaban, camiñaba cara á súa casa cando tropezou con Marcos, un policía que traballaba moi duro e con quen todos gozaban falando.

–Home, Braulio! Canto tempo, invítote a un café quentiño nalgún bar.

Braulio non respondeu, seguiu camiñando desexando volver canto antes á casa, sentarse na súa cadeira de brazos de coiro tomando un chocolate e vendo un partido de fútbol.

–Unhas moediñas? –Un rapaz da rúa, o máis fraco que vira, suplicoulle unhas moedas para poder comer.

–Si, ho! Traballa coma todos. Ves esta chaqueta? É de marca, conseguina traballando, e a miña casa é toda de prata e o meu portal de ouro. Xa fago moito deixándote respirar o mesmo aire ca min.

Proseguiu o seu camiño, e cando xa case chegara, Macarena, a porteira, acercóuselle e dixo:

–Oes, Brau? Tes que recomendarme un lugar para viaxar... A China esa está moi lonxe?

–Non tes suficiente diñeiro para ir onde fun eu... Vaia barrio de incultos.

–E rematando estas verbas acelerou o paso.

Cando xa estaba na súa rúa, coidando que ninguén mirase, entrou. A realidade explotoulle na cara cando se deu conta de que estaba no seu fogar, unha vella casa cuberta con chapas (prata), e cunha porta de palla (ouro). Sentouse nun saco de patacas recheo de periódicos (cadeira de brazos de coiro), mentres bebía auga de chuvia (chocolate) e miraba unha formiga correr polo chan dun lado a outro cunha miguña de pan (o partido).

Unha bágoa correu polas súas meixelas, seguida de millóns de suspiros e lamentos porque descubrira a súa verdade, e coma todos, tíñalle medo.

MARÍA TORRES BARREIRO

3.º curso, CPI Aurelio Marcelino Rey García (Cuntis)

MIÑA

Dábame a impresión de estar nadando nun mar bravío. Tiña claro que os ollos azuis de Aroa eran os máis bonitos que vira nunca.

«Que sorte teño de que sexas miña», díxenlle, pasando os meus dedos polo seu corpo espido. Ergueuse e colleu a miña camiseta; quedáballe tan grande que lle daba polos xeonllos, coma se dun vestido se tratase. Aso-mouse á xanela e mirou o reflexo do sol no mar. Eu seguía cada xesto, cada respiración que facía.

Sentouse, coma sempre, no meu escritorio. Colleu a súa maquillaxe e comezou a facer o que non lle facía falta, segundo ela, poñerse guapa. Co seu lapis labial favorito, un morado agranatado, debuxou, para non perder o costume, un corazón no espello que tiña de lado.

Mentres ela se vestía, eu seguía deitado na cama, mirando os seus xestos relaxantes e tranquilizantes. Miroume co seu sorriso pícaro e tirouse enriba miña. Agarreina dos pulsos para que non puidese facerme o que estaba buscando: cóxegas. Pero confundinme. Aroa ese día estaba distinta. Achegou a súa boca á miña orella dereita. Eu escoitaba a súa respiración acelerada e nun ton firme e tranquilo dixo: «Eu non son túa nin de nin-guén». E marchou.

PAULA VÁZQUEZ BLANCO

3.º curso, IES Ramón Cabanillas (Cambados)

ESPERTEI

Espertei. Un son xordo inunda o pequeno cuarto. A luz que chega pola fiestra deixa albiscar o amencer. Érgome, e vou cara aos vidros da fiestra que son os meus ollos ao mundo exterior. Dóeme o brazo esquerdo por mor da vía. No reflexo dos vidros vexo a miña face. Os meus ollos verdes, velados por unhas pequenas pestanas, están esmorecidos e sen brillo. A faciana descarnada esvara ata os finos beizos descoloridos, sinal da miña doenza.

Miro cara a diante. Os tellados dos edificios desafían o ceo, pero non o tocan. E ao lonxe está el, o mar. Cóbreo todo, coma un manto que bica as beiras da cidade. É azul coma este ceo de abril, inusual e agardado, despois dun longo inverno gris. E alá, mar aberto, unha illa descansa tranquila e as ondas agariman as súas beiras con bicos de espuma branca. Gustaríame estar alí e nadar coas ondas, coma unha dorna bailadora, e despois secar ao sol nas finas areas. Devezou por esa sensación de liberdade que agora non teño, enclaustrada nunha cela do sétimo andar. Se puidese, vogaría ata a illa e respiraría o vento salgado...

Entón ábrese a porta e entra un enfermeiro con présa. O son xordo continúa. Vai cara á cama e sacode a rapaza que está deitada. Deseguido preme un botón que hai na cabeceira da cama mentres lle agarra o pulso. Non albisco a súa face, mais semella familiar. O seu corpo alongado descansa inmóbil e pétreo no leito. Entón acércome e vexo os seus ollos verdes sen brillo, a faciana descarnada e os beizos descoloridos. A miña pupila dilátase e volvo cara á fiestra. O azul do mar semella máis cerca, case o podo tocar coa man. O aire mareiro e o salitre enchen os meus soños...

MARIÑA VÁZQUEZ MOSQUERA

2.º curso, IES Sánchez Cantón (Pontevedra)

NINGURES

Decateime de que esta sería a miña derradeira oportunidade de fuxir desa maldita illa. Recollín as miñas escasas pertenzas e subín ao bote que levaba arranxando dende había case dous anos. Partín sendo case o solpor, descoñecía a miña situación exacta e non sabía a cantas millas podería topar outro ser humano.

Ao quinto día no mar, as penurias xa eran insoportables, a auga convertérase nun líquido putrefacto por mor da calor e dos bichos. Os víveres eran case inexistentes e eu estaba ao límite das miñas forzas.

Esa noite perdín o coñecemento e non lembro canto tempo botei nese estado. Cando espertei, estaba fóra do bote, coa cara pegada a un nauseabundo lameiro negro e pegañento coma o chapapote. Erguinme con dificultade e puiden ver unha paisaxe que me desacougou tanto que volví desmaiarme. Cando volví en min, vin que no medio dese inmenso lameiro había un outeiro.

Ao día seguinte decidín partir cara a esa pequena elevación, pero ás poucas horas deime conta de que a calor naquel lameiro era peor ca estar a pleno sol no medio do mar.

Despois de varias noites camiñando cheguei ao promontorio. Comecei a escalalo e, cando fixen cumio, a miña moral esnaquizouse, en calquera das direccións nas que mirase non vía máis que o lameiro.

Chorei, berrei, maldicín e xurei, e nun destes arroutos perdín pé e caín ladeira abaixo. Non sei canto tempo pasou, pero cando acordei vin diante dos meus ollos os meus salvadores, unha parella de vellos mariñeiros que me atoparan aboiando no medio do mar.

Cando lles falei do lameiro no que estivera, olláronme como un tolo e dixéronme que por aquelas augas ninguén vira tal cousa nunca.

Hoxe, no meu leito de morte, sigo sen saber onde estiven durante eses arrepiantes días.

CATEGORÍA
de

BACHARELATO/FP

bacharelato/fp

GAÑADORA NA CATEGORÍA DE BACHARELATO/FP

NOELIA PARRACHO RIAL

2.º curso, IES Francisco Asorey (Cambados)

UNHA PALABRA

Oía a monótona e alarmante melodía dunha sirena, a un tempo presto, seguindo o ritmo dos seus pasos.

Corría e sentía a musicalidade daquel son nos seus oídos.

Podía sentir aquelas notas cada vez máis preto, tiña que seguir correndo. Fuxir coma se non existise un mañá.

As súas pernas tremían, exhaustas, era un tipo de cansazo ao que non estaba acostuada. Era un cansazo físico, e gustáballe. Facíalle latexar o corazón que esquecera que tiña, ata agora, e volveu sentirse viva de novo.

Sen decatarse, os seus beizos formaron unha curva e os seus ollos deron en pecharse, gozando do reencontro consigo mesma.

A pesar de que a súa gorxa estaba fría, o seu corpo sobrepoñíase, rebordante dunha calidez que a facía tremer de emoción e enerxía, sentíndose cada vez máis cerca da súa meta.

Abriu os ollos, divisando o enreixado que a separaba dunha nova vida.

Con dificultades, saltouno, e unha reixa esgazou a tea negra que a cubría, mais non lle prestou atención, non a necesitaría nunca máis.

Comezou a correr por aquelas terras descoñecidas sabendo que endexa-mais volvería á súa casa.

Descalza, sentindo a terra seca baixo os seus pés e co cabelo solto, bailando co aire, coñeceu por fin a palabra que tanto buscara. A sensación que desexara con todo o seu ser dende nena, pola que deixara todo e coa que soñaba todas as noites.

Unha soa palabra que estivera retida e presa baixo unha peza de tea, baixo un burka.

Liberdade.

CARMEN ANSÍN VALLEJO

1.º curso, IES de Poio

DÍA, NON SEI CAL, DO MES, NIN ME ACORDO

«Hoxe é un día coma outro calquera, mais é un fermoso día para contar che unha pequena curtametraxe da túa vida. Eras unha rapaza daquela tan fermosa coma ningunha, que, naqueles difíciles tempos do pasado século, ía á escola particular dun novo mozo. A primeira vista, foi coma un frechazo, namorácheste perdidamente. Pasaches dúas semanas case sen durmir pensando nel, era tan listo, tan cabaleiroso, tan guapo... Pero había un problema, era pobre, sabías que os teus pais, polos costumes da época tan gravados na súa aínda fervente memoria, non che permitirían verte con el. Pasastes tanto tempo véndovos ás agachadas... Mais mala sorte a túa, os teus proxenitores, que xa sospeitaban, colléronte e botáronte fóra da casa. Pois eles xa tiñan un preferido, pero non era do que estabas namorada. Pasaron anos e anos nun ledo matrimonio, pero a enfermidade puido máis que as ganas, tal como dixo o cura, ata que a morte vos separe.» Rematei a historia e mirei cara ao chan. «Gustouche avoa?» Tardou un chisco en contestar. «Canto amor lle gardaba, Meu Deus!, que ganas de apertalo outra vez.» Sorrín satisfeita, e calei, mirando ao lume... De alí a dez minutos. «Ola, meniña..., vesme a contar unha desas historias, cóntame a da rapaza namorada que me gusta moito.» Foi un pouco triste que o intre de lucidez rematase tan axiña, había dous anos que lle contaba todos os días pola noite a mesma historia, cunha vaga esperanza de que a recordase, mais a enfermidade é devastadora. Mollei os beizos e comecei: «Hoxe é un día coma outro calquera...».

SARA CARIDE BLANCO

1.º curso, IES Ramón Cabanillas (Cambados)

TRAS O CRISTAL

Abrigo largo e pantalóns frouxos. Zapatos de deporte nos seus pés pequenos.

Ollando ao chan coma calquera outro día. Mochila ás costas. De volta ao fogar.

Gustáballe mirala pasar tras a ventá, e imaxinar unha vida que nunca chegaría a coñecer. Inda que as rúas estaban cheas de xente, e ninguén reparaba nunca na súa presenza.

Cada día trataba de analizar o seu andar, minucioso.

Sempre había algo novo nos seus pasos. Lixeiros. Asustados. Despreocupados. Seguros. Torpes. Gráciles.

Como podía definir a alguén con tantos cambios?

Despois de pasar a rapaza invisible, a rúa quedaba baleira. E non literalmente.

El botaba de menos a luz que ela desprendía. En moitas ocasións estivera a punto de saír e seguila. Non o fixera. E non quería enganarse. Nunca podería amala.

Pensaba que unha vida ao seu lado sería algo bonito de contar. Pero os contos de fadas non existen. E menos hoxe en día.

Bicara e quixera antes, sen saber que o amor só se trata dun desexo. Un desexo que se debilita co tempo, ata que a convivencia e os bicos simplemente xorden pola necesidade de non sentirse só.

Non ía enganarse. Nin enganala. Para el non existía o amor.

Na tele todo é tan fermoso que cando chega a hora de enfrontarse á realidade é imposible logralo.

«O amor existe co fin de quitarnos o diñeiro e de facernos crer que somos felices.»

Non adoitaba compartir estes pensamentos con ninguén e, cando o facía, todos pensaban que estaba louco, que era de pedra.

Unha vez máis pensou no difícil que sería que un home de pedra e unha muller invisible puidesen ter unha bonita historia de amor.

Nin sequera unha triste historia de amor.

Nin sequera unha historia de amor.

ATRAPADA

«Ao mellor quéroo», repíteste cada día como o teu mantra. Pensas no día no que o coñeciches, en como te mirou, como se achegou para coñecerte. Pensaches que era o teu Romeo a medida porque, quen o ía dicir, como alguén que pronunciara uns votos tan preciosos na túa voda, podería converterse no teu pesadelo de día e de noite? Todo comezou coas súas estrañas manías de non che deixar levar certa roupa, baixándoches a saia, poñéndoches bufandas, a chaqueta... Ata que ao final crías ir envolta nun saco. Feito co seu egoísmo e machismo. Dime, que pensabas dos seus insultos, que era unha forma de demostrar o seu amor? E todas esas noites ti soa, nas que traballaba? E as críticas de cada cousa que facías? A súa obsesión polo móbil? O seu rexeitamento e enfado continuos? Choras. Non podes aguantar máis. Non queres aceptar que fuches tan parva... Que máis necesitabas para desconfiar? Non o sabes, o medo que sentías por el fíxote calar tanto tempo... Sabes que a túa vida non vai ben dende que dixeches «Si, quero». Pero ata aquí chegou, agora vas poñer o teu plan en marcha. Abres o armario e colles a chave para saír, por fin, dese cárcere. El está de costas no sofá, pero iso sería demasiado doado e traizoero. Colócaste diante del, bérache, pero non oes nada debido á adrenalina que se apodera de ti. Dun impulso levantas o brazo e cun disparo limpo apuntas directo ao seu corazón. «Ao mellor queríate», dislle, mentres sentes que volves vivir.

ARROGANTEMENTE IMPERFECTO

Arrogantemente imperfecto, terrorificamente asimétrico, unha aberración. Non podía seguir vivindo comigo, o meu reflexo... «iso» era eu... A mirada fóiseme inconscientemente ás revistas de tías boas que deixara sobre o meu escritorio, non me interesaban ese tipo de revistas polo seu contido sexual, senón pola terrible perfección e simetría de todos e cada un dos corpos das mulleres que posaban naquelas revistas... grandes peitos, pel bronceada, cute impecable... Medín de novo a miña cintura: sesenta e cinco centímetros. Demasiados milímetros, simplemente imperdoables. Nunca sería coma elas, nunca tería esas curvas perfectas, nunca carecería de todas as miñas imperfeccións..., nunca chegaría a ser ninguén. Non podía saír así á rúa, todos o saberían, saberían que o meu van mide demasiado..., sesenta e cinco..., un número tremendamente asimétrico..., ademais as miñas cadeiras eran tres centímetros máis longas do debido, era un ser defectuoso. Vestínme de novo e sequei as bágoas co pulso, cincuenta e tres milímetros separábanme do resto do planeta.

É certo, obsesionárame cos números: pesaba cincuenta quilos, medía un metro cincuenta e nove (demasiado pequena) noventa de peito, sesenta e cinco de talle, noventa e tres de cadrís..., noxento. As táboas da perfección fuxían do meu alcance e eu só podía tremer baixo a atenta mirada da ego-céntrica sociedade. Frustración e medo mesturábanse cada vez que me expoñía a ela, arrepíabame saír, prefería a soidade da miña casa, onde ninguén me vise.

OITO

A chuvia caía con forza aquela fría noite de finais de febreiro, golpeando sen piedade os cristais do vello casal no que un pequeno grupo de amigos, nunha demostración sen precedentes de insensatez e inxenuidade, decidira quedar a durmir.

Eran oito, aínda que eles nunca o vaian recoñecer. Sexa cal sexa o rapaz ao que preguntes, podes ter a seguridade de que responderá, sen titubeos, que non foron máis que sete os que, froito da estupidez, saltaron a cancela de ferro e, a través dunha ventá, accederon ao lugar maldito que todos na aldea fan ben en temer. Pero menten, menten moi ben.

—Que foi do pequeno Gabi Santos?

—Non cho sei. Gabi Santos? Aquí non hai ninguén con ese nome...

Claro que non, xa non o hai. Despois daquela noite, non.

—... nin nunca houbo.

Mentira! Aí está a mentira. Como que nunca houbo? Preguntáraslle aos señores Santos, cando levaban oito meses na procura do rapaz, antes de que...

—Señora Santos, que fillo? Vostede non ten ningún fillo.

Os veciños repetíanllo acotío, moi serios, e ela comezou a dubidar.

—Que quen é o neno da fotografía da comunión que ten no salón? Gabi Santos..., o seu fillo? Que fillo? Non ten. Viría co marco, seguro que si.

E ela convenceuse.

Pasan os anos. A carón daquel vello casal os veciños da aldea seguen coas súas vidas, deixando no esquecemento aquel neno delgado, con lentes; o número oito dun grupo de amigos que unha noite se internou naquel escuro lugar. Aquel neno chamado Gabriel Santos que aínda que insistan en negalo eu sei que existiu.

Porque se alguén di algo, terían que defender que non entraron sete, que non entraron seis... que aquela noite de febreiro, non entrou ninguén.

SOBRE AS ESTRELAS E OS SOÑOS

Eu non son un home de noites, eu xa son home vello, non como eses mozos santiagueses que pasan o tempo nas rúas ata a hora de erguérense os panadeiros. Non obstante, ese día atopábame eu nunha rúa estrelada preto da catedral e non me importaba o frío ou a escuridade porque ía vela a ela. Vós non sabedes como é ela, é un personaxe moi particular. Ela é a area dos pés na praia, as uvas de noitevella, as gotas de auga na fiestra un día de choiva ou a calor da cheminea nunha noite de inverno. Ela facíame soñar, encasquetáraseme no maxín e non era quen de guindala de aí. Sacaba tempo de onde fose para estarmos xuntos. Polas noites procuraba estar esperto para ficar canda ela un anaquiño máis. Cando cheguei a un bar, senteime só nunha mesiña e pronto apareceu ela, pero aquela noite antollábaseme distinta, era coma se un aire de despedida anticipase o final que eu agardaba dende o comezo desta historia. Cada palabra aproximábase máis á inminente e pouco desexada fin, ata que esta chegou. Coa man dereita notaba como o montón das escasas follas minguaba ata chegar a derradeira. Pechei o libro, hai amores que son imposibles.

MALIA

Era sábado, próximo a outro luns de outubro. Pontevedra. Choiva. Frío. Oxalá neve.

Estaba a punto de empezar novembro, mes que resaltaba no meu calendario con cada vez máis datas importantes. Un motón de xente. Ou quizais non tanta. Sería o normal nesas condicións.

Malia aquel frío, eu aínda me negaba a sacar o meu abrigo do armario. Gustábame pasealo o menos posible. Pero sempre me rodeaba o colo cunha boa bufanda, practicamente dende finais de setembro. Camiñaba entre a multitude ou non de persoas. Sentíame bastante cargada de empatía.

Saudaba con efusivas apertas, dous bicos... Algún caeu para min. Seguía chovendo levemente; pero iso non impedía que todos nos presentásemos xusto no medio do recinto, esperando a ser regados. De súpeto vin un par de caras coñecidas. Sentíame sociable..., decidín achegarme.

Sentei xunto a ti sen máis pensalo. A primeira vez de tantas máis.

Nese momento aínda ías en plenas condicións, tanto físicas coma mentais. Pouco a pouco a túa «cabeza», debido a unhas causas exteriores e adversas a ti, perdeu un pouco o control.

Comezou unha serie de curiosas frases e berros, e todo se envolveu nunha faísca de loucura na que ti querías estar comigo. Eu tamén quería, de verdade. Pero non estaba moi segura de que ti mañá te acordases de min, ou da noite en xeral. Curioso xeito de coñecer alguén. Curioso xeito de coñecer alguén tan importante. E gústame. Gústame ti e esa noite, a nosa primeira noite, na que apenas te coñecía.

Sei que os días de despois non che gustan moito. Pero de aí, daquela noite, da nosa seguinte vez e do resto de veces saímos nós tal e como eramos. Convertécheste así no meu «ti». O meu ti que non pode separarse dun «comigo», nin por un só día.

O PAZO

Entraron no pazo moi xuntos e tremendo. O edificio era arrepiante, pero máis arrepiós lles provocaban os de último ano. Tanto Antón como as xemelgas Uxía e Alexia apañáranse para anoxar os maiores e, como castigo, déronlles a escoller: cargar coa trasnada de esnaquizar a oficina da directora ou entrar no pazo.

A decisión fora difícil. A reputación da edificación era terrible: moitos anos atrás, o dono matara a todos os que estaban alí para, despois, suicidarse. Pero peor eran os dixomedixomes que dicían que os espíritos dos que alí morreran vagaban polo vello edificio, buscando novas almas que lles fixesen compañía.

Pero a posibilidade de atoparse cunha pantasma sedenta de sangue soaba mellor que a seguridade de ser expulsados. Non houbo dúbidas. Escolleron entrar no pazo.

Xa levaban varios minutos na casa e empezaban a relaxarse cando viron unha luz branca ao final dun corredor escuro. Sabían que os maiores querían asustalos, así que se acercaron.

Segundo se aproximaban á luz empezaron a distinguir a forma humana dunha muller cun vestido á moda do século pasado. Cando estaban a uns pasos, Antón pisou unha táboa solta que deixou escapar unha renxedura. A muller deu a volta e os tres compañeiros puideron ver unha mirada triste sobre un gran sorriso vermello á altura da gorxa.

Os rapaces saíron correndo e gritando do pazo e non pararon ata chegar ao xardín. Foi Uxía a primeira en recuperarse:

–Seremos parvos! Eran eles querendo meternos medo!

–Abofé –dixo a súa irmá–. Caemos como meniños.

Nese momento escoitaron a cancela abrirse e uns pasos que se aproximaban. Non tardaron moito en ver os maiores cubertos completamente de fariña.

–Acovardástevos, ou? –dixo o xefe.

Os rapaces non contestaron. Os tres estaban pensando o mesmo: «Se eles están aquí...».

EN APUROS

–Non te pares, pode alcanzarnos en calquera momento!

Dóenme as pernas e sinto que o corazón está a piques de saírme do peito. Hai un anaco que escureceu. Non se escoita nada na rúa máis ca os nosos pasos e as nosas respiracións entre o ruído da chuvia ao caer. Paramos un minuto baixo unhas galerías.

–Sinto terte metido neste pesadelo, Lucía.

–Ti non tes a culpa, agora temos que atopar axuda.

–Deberíamos chamar a policía.

–Mellor imos directamente á comisaría, alí estaremos a salvo.

–Cres que aínda nos segue?

–Vimos como lle disparaba a aquel home e cando nos descubriu saíu correndo tras nós, porén non sei canto tempo nos perseguiu, agora xa tivo que perdernos de vista.

–Seguro que quería eliminarnos porque lle vimos a cara!

–Ao mellor regresou para facer desaparecer as probas e sacou de alí o morto.

–Nin que fose tan doado matar alguén e non deixar rastro. Pode que non nos crean, pero temos que contarlllo á policía.

Chegamos á comisaría. Contámoslles aos axentes o que vimos e mandan un coche patrulla aos edificios en construción da rúa de Castelao. Naméntres, o inspector Andrade fainos preguntas e procura tranquilizarnos. Pouco tempo despois, aparecen os axentes co suposto asasino, mais este non está esposado e cando me decato de quen é o que vén con el non o podo crer... É o morto! Non entendo nada.

–Señoritas, son estes os homes que viron esta tarde?

Asentimos. Estamos sen fala.

–Inspector, ao parecer estas mozas irromperon na rodaxe dunha curtametraxe. Todo foi un tremendo malentendido que non ocorrería se non entrasen nos edificios en obras, cousa que está prohibida. Fabián tentou explicarllo, pero saíron correndo.

Así que unha curtametraxe... Todo era falso! Se xa o di miña nai, que vexo demasiadas películas.

NÉBOA

Hai un minuto non sabía que tiña cancro; agora mamá non sorrí como antes. Que monstro será o que baixe e lle diga que o mundo non está feito para ela? A vida é tan inxusta. Impotencia, sinto unha grande impotencia por non poder axudala. Soamente somos materia que o tempo devora. E que me dis de Guillermo? En que vertedoiro estará remexendo agora? Seguirá Andrea no hospital? Espero que vaia comendo, aínda que sexa un pouquiño. Levo días sen falar con ela. Bótoa de menos. Son as consecuencias de xogar baixo un ceo esgazado. Estou triste. Cando a miña nai se decate dos cortes vaise pór peor do que está. Seica xa non lle importan. Prometinlle que non o volvería facer, pero non consigo manterme limpo máis dunha semana. O instituto estame matando. O profe Xoán dime que non lles faga caso, pero todos eses insultos acaban por corromperte. Suponse que o meu pai tería que estar xa á saída do hospital. Pero aquí non hai ninguén. Sairía a emborracharse outra vez? Será mellor botar a andar.

–Ma, teño que irme. Xa falaremos.

–Adeus. Quéroche moito, miña lúa. Estuda.

E esas palabras cunha tristura tan sempiterna resoaron na miña mente cento corenta e tres días e tantas lágrimas despois: hoxe. Quizais se esconde dentro de min o sentimento de ter pechado as miñas emocións cara a ela de forma hermética, pero o certo é que lle quería. Por moito que me fixese sufrir no pasado, era a miña nai. O ceo é gris. A heroína xa non me calma. Vai frío. A bañeira está morna. Cando perdemos a alegría? A coitela está preparada. A vida, sobrevalorada. Pronto estarei con ela.

Son néboa.

CATEGORÍA
de
ADULTOS

adultos

GAÑADOR NA CATEGORÍA DE ADULTOS

JOSÉ RAMÓN VILAS COSTAS

CPI Manuel Padín Truteiro (Soutomaior)

VICHES QUE PREZOS?

–Viches que prezos? –dixo el moi baixiño, coma se falase a rentes do chan.

–A crise –dixo ela máis altiva.

Víronse por primeira vez nunha tenda de zapatos do centro da cidade, desas modernas, sen portas, que dende a rúa xa ves o que che gusta. Unha tarde de Nadal o destino ou Papá Noel levounos a aquel piso da rúa Michelena e o amor agromou con música de panxoliñas.

Ela é esvelta, de pel lisa e suave, atrevida. Nas rúas comerciais reloce e fronte aos escaparates reflíctese como a lúa chea no mar calmo.

El é baixo e forte, de pel escura e moi boa planta, elegante. É deses que che enche o ollo nada máis velo.

Aos dous gústalles camiñar pola cidade vella nas tardes de poalla, iso asegura pasar a noite xuntos fronte á cheminea.

Despois dunha longa tempada este podería ser o seu derradeiro paseo. O inverno esmorece madurado pola choiva e o frío. As rebaixas rematarán axiña e o sol da primavera imporá unha nova colección. As rúas están ategadas. Ela camiña diante, sente que el non lles quita ollo as súas curvas que a anchean e a estreitan só onde convén. Detéñense diante daquela zapatería onde todo comezou.

–Viches que prezos? –díxolle con tristura o zapato á bota.

VOAR CO VENTO

Por fin abrín os ollos. Menos mal que non pechei as persianas onte, sen os raios do sol ía ser máis difícil despertar. Escoito o bruar do vento, pero está despexado... Que fixen onte? Xa non me lembro, xa non me lembro nin do día que é, que día é hoxe? Tanto ten, nada vai cambiar por saber a que día vivo... Quizais debера erguerme xa, senón vaise facer tarde. Si, xa me lembro, non podoo quedar máis na cama, que hoxe é o gran día. Vai ser simple, fago o último voo de sete a nove e para a hora de cear terán a miña renuncia na mesa. Meu deus que frío vai! Nunca debín facerlle caso a meu pai, nunca quixen ser piloto. Pero iso acabou, hoxe rematareino eu. Quero pilotar a miña propia vida, quero viaxar polo mundo e coñecer algo máis que os aeroportos, quero casar coa moza que me descubriu como realmente son... Estou farto de obedecer. Xa basta de darlle tantas voltas! Téño todo claro, hoxe érgome coma un home novo. Pero... as pernas non se moven... as... as pernas non se moven! Estou... estoume asustando moito! Que pasa aquí?! Meu Deus, estou no meu cuarto, pero... este..., este non é o meu piso... Mamá! Mamá, estás aí? Que me pasa? Por que choras? O vento non para! Claro que estou esperto. En coma? Canto tempo? Non pode ser... É imposible. A que día estamos? En que ano estamos?

O vento segue bruando fóra. Aquel último voo pasou hai xa cinco anos, e nunca cheguei a subir nel. Teño que deixar de pensar, isto non é verdade, só é un maldito pesadelo. Os ollos péchanseme pouco a pouco, non sei cando volverei despertar... Quizais se durmo de novo o vento deixe de bruar.

VIBRACIÓNS DISONANTES

Bambeábase moi lentamente. Tanto que podería deterse sen que ninguén se decatase. O movemento ía acorde coa música que alí soaba, estraño, pausado, calmo. Fóra, o ceo despexado deixaba ver unhas estrelas máis brillantes do normal. Era a noite perfecta. Achegueime a ela tan devagar como puiden, sen que soubese que me aproximaba para acariciarlle a pel. Esa pel suave e torrada polo sol. Cheguei onda ela e o seu magnetismo atrapoume nun remuíño de sensacións que me desarmaron. As luces de cores rechamantes, a música psicodélica, o seu baile lento... Conquistoume ao instante. Ou iso pensei eu. Realmente conquistárame había xa moito. Ela movíase só para ela mesma, non para os demais. Ela era así. Actuaba sen preocupacións. Coma o vento das praias que frecuentaba, deixábase levar, voaba sen rumbo, e iso atraíame. Quería voar con ela. Devagar, coma nese instante. Ese instante compartido sen que ela o soubese. Achegueime máis, desexaba sentir o seu tacto, cheirar o seu perfume, e mirala directamente aos ollos. Tiña tanto medo que as pernas non paraban de tremer. O corazón bombeaba sangue tan a presión que pensei desmaiar. As luces mareaban, e o cóctel que tomara estábame subindo á cabeza. O cerebro deixaba de responderme e era cuestión de tempo que o sistema nervioso tomase o mesmo camiño. Antes de que nada diso entorpecese os meus movementos, decidín actuar. Roceille delicadamente o colo. Vin como se lle encrespaba a pel, e de súpeto abriu os ollos. Sen parar de bailar, e igual de lentamente, xirouse cara a min. Prendeu o lume en min ao mirarme con eses grandes ollos escuros, e sen poder evitalo abandonei todas as miñas forzas e biqueina. Baixo as luces, a música pausada e a psicodelia, nós as dúas bailamos xuntas levadas polo vento durante toda aquela estrelada noite.

OS SENTIMENTOS XOGAN AOS AGOCHOS

Contan que unha vez se reuniron na Terra todos os sentimentos e calidades do ser humano. A Loucura, como sempre tan tola, propúxolles: «Xogamos aos agochos?». A Intriga levantou a cella, interesada, e a Curiosidade preguntou curiosa: «E como é iso?».

«É un xogo –explicou a Loucura–, eu tapo a cara e conto dende un a un millón, mentres escondédesvos e, cando eu remate de contar, o primeiro que atope ocupará o meu lugar para continuar o xogo.» O Entusiasmo bailou secundado pola Euforia. A Alegría brincou tanto que rematou por convencer a Dúbida, pero a Verdade preferiu non esconderse. Para que? Se ao final sempre a topan.

«Un, dous, tres...»; comezou a contar a Loucura. A Xenerosidade non alcanzaba a esconderse, cada sitio que achaba parecíalle marabilloso. O Egoísmo topou un sitio moi bo..., pero só para el.

O Esquecemento... esqueceume onde se agachou..., pero iso non importa agora.

O Amor inda non topara sitio para esconderse, pois todo se encontraba ocupado..., ata que divisou unha roseira e conmovido pola fermosura decidiu esconderse entre as súas rosas.

«Un millón», contou a Loucura, e comezou a buscar. A primeira en saír foi a Pereza. Así foi topando a todos ata o Esquecemento... que xa lle esquecera que estaba a xogar aos agochos, pero só o Amor non aparecía por ningures.

A Loucura buscou por todos os lados e, cando estaba por darse por vencida, divisou unha roseira... Comezou a mover as ramas cando, de pronto, un doloroso berro se escoitou: as espiñas feriran os ollos do Amor. A Loucura non sabía que facer para desculpase, chorou, pediu perdón e prometeu acompañalo sempre. Dende entón, dende que por primeira vez se xogou aos agochos na Terra...

O Amor é cego, e a Loucura sempre o acompaña.

DESACOUGO

O asubío familiar do espertador foi o primeiro que sentiu aquela mañá. Só quedaba seguir aconchegado cos ollos pechados esperando oír o tenue son que proviría nuns catro minutos do espertador do veciño de abaixo. Ese era realmente o sinal que o faría poñerse en pé e comezar coa rutina matinal de cada día. Pero que ben lles sentaba aos seus vellos ósos esa pequena prórroga! Pasaba o tempo e comezou a aguzar a orella en tensión. Parecía que eses catro minutos se facían interminables. Acendeu a luz e viu que eran as 8:07. Efectivamente, o espertador do veciño non soara. Ergueuse desacougado. Eses tres minutos de atraso ían facer que perdese o seu seguinte obxectivo. Dirixiuse con paso indeciso cara á ventá. Agardaba chegar a tempo.

Ao levantar a persiana vería no 4.º piso do edificio de en fronte a rapaza loura. Hoxe era mércores, tocaba lavar o pelo, así que levaría a toalla envolta na cabeza nese intre que cruzaba pola ventá do corredor, ese intre que levaba observando cada mañá dende nin se lembra cando. Pero hoxe a xanela está ás escuras. Non hai movemento. Sente unha estraña puntada no peito. Agarda uns minutos máis. Nada. Non hai movemento na casa de en fronte. Primeiro o espertador do veciño, agora a muller. Algo ocorría.

Consultou o reloxo de novo. Xa eran as 8:18. Tería que ir á cociña para o seguinte ritual: o ladrido do can da señora Hortensia cando abría a porta para sacalo a mexar. O tempo pasaba e o can non ladraba. Comezou a suar mentres o seu arrítmico corazón latexaba descontrolado. Algo terrible tivera que suceder cando a vida que vivía a través dos demais se apagara. O seu mundo víñase abaixo.

O medo deixouno paralizado ata que ás 9:00 da mañá a engurrada man tenteando pola parede acariñou a folla do almanaque onde se presentaba en vermello a data actual: 25 de decembro.

TARDE DE CHOIVA

Non tiñan notas de cor as súas palabras. Nin metáforas, nin pensamentos etéreos que me producisen ambigüidades. Desta vez, indistinta, froitos da árbore das luces. Produtos dunha ansia enraizada, dunha volta profunda, do máis dentro dun ser. Ou preto. Non semellaba a mellor idea espirse diante do espello, pero os camiños errados son igual de importantes. Diso se trataba: percorrer outra vez o mapa, remar contracorrente, fuxir dos atallos.

O meu proceso tampouco foi sinxelo. Observador e parte afectada, que sofre dores reflexas chegadas do outro lado do cordón umbilical. Paxaro atrapado que bate contra todas as paredes de cristal na procura dun oco verdadeiro. Un deserto asolagado de auga, un ceo con gaviotas e voitres mesturados, contradicións sen termo medio. Salvarse do naufraxio facendo de capitán e grumete nesta tempestade. Á fin, cesan os golpes sen perífrase afogados na miña disimulada indolencia, deixando en igualdade a loita. Para fóra. Igualdade e estabilidade. Persegüila para logo afastarse dela, ese equilibrio imposible.

Xa lonxe do universo, no mundo dos divididos, recobrando o pulso e riscando as feridas co mesmo bolígrafo das que naceron. Detrás da meta, obra inacabada, chegarán os parabéns e as correccións, que son o mesmo pero con outra perspectiva. E a calma. Sobre todo a calma.

O MELLOR DOS AGASALLOS

O día do meu duodécimo aniversario petaron na porta. Tres golpes secos co puño. Esperei ata que os pasos abandonaron a escaleira e asexei pola mira. Saín ao relanzo baleiro. Sobre o felpudo, unha caixa envolta nun papel de agasallo dourado rodeado cunha fita vermella. Encrequeneime e peguei a orella á caixa. Decontado sentín a respiración pausada do meu cachorriño, negro coma a noite cunha soa mancha branca no fociño. Nervioso, desatei a fita, abrín a caixa e... non daba creto: un sombreiro! Derrotado, boteime na alfombra. Non era posible! Estaba certo de que o repartidor de agasallos se confundira e volvería para recuperar aquela caixa e deixarme no seu lugar a Orfeo, que era o nome que elixira para o meu can.

Pasaron dúas horas e ningún petou na porta.

Un sombreiro de feltro gris coa ala mediana. Gustábame, si. Pero só era un sombreiro! Saqueino da caixa e vestino. Dábame un aquel co Humphrey Bogart de *Casablanca*, que tantas veces vira coa avoa. Pensei no tempo que había que a vida lle tirara a memoria a avoa. E que xa non era quen de ver aquel filme. Case de inmediato atopeime nun Phaeton Buick Limited de 1940 que conducía un home calado ao que non me atrevín a mirar. Pechei e abrín os ollos deseguido para ter a certeza de non estar a soñar. Circulamos por unha avenida ata chegarmos a un edificio de ladrillo vermello. O home deixoume ao pé do edificio. Daban as cinco cando entrei no cuarto.

—Ola, Rick, que ben che senta o sombreiro! —díxome a avoa sen disimular un aceno de coquetería.

—Estás tan guapa coma cando te coñecín, Ilsa. Lembro cada detalle. Os alemáns ían de gris. Ti ías de azul —respondinlle coa certeza de que tivera o mellor dos agasallos.

UN MAL TOURO

Dende pequeno a miña maior afección era vivir os San Fermíns. Para min constituían unha escola de vida, un conxunto de emocións, un paralelismo entre correr perseguido por touros, pero tamén por mil facturas, angustias e atrancos que a vida nos vai poñendo diante. Só fora unha vez, hai máis de cincuenta anos, e, agora, despois da miña estancia no hospital, as miñas fillas insistían en que debía volver. Deixei convencer ao ver nos seus ollos un brillo especial que nunca vira, a pesar dun mal presaxio que abrollaba na miña mente.

Non andei descamiñado, pois pilloume un touro desprevido, máis perverso e poderoso ca un miura, arrastrándome cara ás tebras e converténdose nun lastre, na miña condena.

Chegou ata min sen facer ruído, sen tapar o sol nin quitar alentos ou deixar feridos, sen alzar a súa cornamenta e sen ser visto. Foise achegando sen meter medo e sen deixar ver o seu rostro maldito.

Entrou en min e, sen decatarme, rouboume o presente e o pasado, a herdanza dos meus pais e o futuro dos meus netos. Non fun consciente da súa cornada certa e a luz e o sol perdéronse entre ausencias que suspiran.

Perdín a miña conciencia, o meu ser; deixei de ser eu para me converter en baleiro, nun ser sen alma e cun corpo vencido. Un pesadelo que me borró os meus soños e toda a miña esencia, impregnando todo o meu corpo e a miña alma da súa forza.

Alzhéimer, touro maldito, por que fun eu o teu elixido?

O PACTO NUPCIAL

–Como seremos con trinta anos? –preguntou Marián.

–Vellas! –respondín segura do que dicía.

Todas rimos ao tempo sen dubidalo, claro que tiñamos dezaseis anos e pensabamos que o tempo ía transcourir lento coma o verán do ano 1986 no que nos encontrabamos. Na praia de Samil coas toallas en círculo, sen parasoles, cos bocatas na man e co corpo aínda mollado do último baño salino.

Estabamos as catro de sempre, as catro das motos, as catro de pequena estatura, en definitiva, as catro. Nunca antes faláramos do futuro, sempre do presente, das clases, dos mozos, das festas..., pero, de súpeto, Marián nos fixo pensar no futuro.

–Que seremos con trinta anos? Nin idea –dixo Mercedes–, ningunha temos unha vocación especial, veremos.

(Risas de novo.)

–Seguro que estamos casadas e con fillos, porque a esa idade as nosas nais xa nos tiñan a nós –comentou Marián de novo.

–Non creo, dáte conta que a carreira se termina aos vinte e tres, e despois aínda hai que buscar traballo –dixen segura do futuro académico do grupo.

–Eu non quero estudar unha carreira –espetou María–. Non me apetece estar tantos anos estudando. Eu irei traballar e casarei cedo.

Veña risas e máis risas. Alí non había mozos nin pretendentes á vista, nin tan sequera proxectos, así que decidimos facer un pacto ao que demos en chamar «pacto nupcial».

Papel de axenda, bolígrafo e acordo:

«As abaixo asinantes, Marián, María, Mercedes e Rita, acordan que a primeira que case, sexa onde sexa, estea onde estea, viva onde viva, sigan sendo tan amigas como agora ou non, deberá localizar e invitar a cear as abaixo asinantes. Samil, 3 de agosto de 1986».

María cumpriu, con vinte e dous anos, con vidas totalmente diferentes, sen contacto de amizade; localizounas e invitounas a cear cumprindo o acordado.

PREXUÍZOS

Noto a mirada da xente fixa en nós. En restaurantes, parques, na praia, na sala de espera do médico e como non podía ser doutro xeito tamén nas reunións familiares. E, tras as miradas, os comentarios. Non falla, sempre hai alguén que nos critica.

Ás veces dáme por contestarlles. Outras en cambio gardo silencio e fago coma que non escoito nada. E algunha outra vez alguén sae a defendernos e eu espero impaciente que deixen o conto e comece a criticar o goberno ou o famosete do momento.

Eu quedei namorada no mesmo intre no que a vin. Tan bonita. Con eses ollos, esa boca, esas mans. Non se pode ser máis perfecta. Era imposible que non caese rendida aos seus pés. Xa hai ano e medio dende ese inesquecible día.

Será cousa da mocidade, pero a ela non parece afectarlle nada. Sempre ten un sorriso na cara. Calquera cousa lle chama a atención e pode pasar un bo intre observando atentamente a paisaxe ou as persoas na rúa. Coido que todos fomos así algún día. Non podo dicir en que momento cambiamos, pero é obvio que deixamos de ter esa frescura e naturalidade.

Aquí vén. Trae o mellor dos seus sorrisos. Xa hai un anaco que a agardaba. Axúdoa a sentarse no meu regazo e non podo resistirme a darlle unha aperta e un bico. Noto que comezan as miradas, hoxe non me afectan. Ela sabe ben o que quere. Agora xa teño a atención de todo o mundo e espero a pregunta.

Tan maior e aínda toma peito?

E LOGO, TI QUE QUERES SER?

Todos os rapaces da miña clase queren ser bombeiros. Todos menos eu. Os meus compañeiros pensan que son parvo, e a miña mestra aínda que non o diga tamén o pensa.

—E logo, ti que queres ser? —pregunta.

—Eu quero ser un caracol!

Os nenos escacharon a rir, e a mestra tardou un bo anaco obrigando a calar os rapaces. A partir daquel día chámanme o Babas. Aínda así sigo a pensar o mesmo. Eles non entenden nada.

Cando chego á miña casa deixo de ser o Babas e síntome coma un rei. O rei da miña casa. Os meus pais teñen a virtude de facerme sentir a persoa máis especial do mundo. Por iso lles quero tanto.

A min gustaríame facer o mesmo con eles, xa que dende hai un bo tempo andan moi apesarados. Parece ser que ser pobre é algo moi malo, de feito, a nós vannos deixar sen casa. Segundo a miña nai, esta casa xa non é nosa, que é dos bancos, e que xa non temos diñeiro para a luz e para pagar a casa... , vaia, que nos botan da casa por non ter cartos.

Dende entón cando vou para a miña cama, pecho moi ben os ollos, como di a miña nai que debo facer para pedir un desexo, e soño que son un caracol. Os caracois non teñen que pagar luz e casa e sempre teñen un fogar onde durmir. Eu non entendo nada, se un caracol ten casa, como non vai ter casa un neno. A mestra di que o home é máis intelixente ca o caracol, pero parece ser que non. Por iso cando sexa grande eu quero ser caracol.

ANA LATORRE GARCÍA

CEIP Álvarez Limeses (Pontevedra)

CEIBE SON

Chegou á marquesiña do autobús, aquel era o seu lugar de lecer.

Cinco minutos despois, como cada mañá, aquel sorriso que se debuxaba dende a distancia iluminaba os seus días. O feitizo invadía todo, deixando o tempo pousado, e logo xa non lembraba nada máis, nin como subían ao autobús, nin o asento que ocupaban, nin as rúas que percorrían. Nada máis lembraba, porque xa nada máis importaba.

Ao vela erguerse e descender pola escaleira, o día comezaba de novo, escuro de vez, sen son, sen sorriso nin esperanza. E alí era, nese instante preciso, onde se daba de conta de que todo tiña que cambiar. Pero como atopar as forzas para desandar o camiño? Como despedirse cando pensaba chegar ao final ao mesmo paso?

Todo era tan difícil que a vida se tornaba pesada, tanto que afogaba, como cada día dende había xa moitos anos.

Chegou á marquesiña do autobús, era aquel o seu lugar de lecer.

Cinco minutos despois, aínda non amencera, agardou segundos, longos segundos, logo horas, non houbo sorrisos que iluminasen o día, e non se deu de conta de que xa era noite.

Chegou á casa máis canso que nunca, puxando dun peso tan grande que non sentía nada.

Nin sentir puido a calor do coñecido, esa pequena forza que o invitaba a quedar un día máis. Foise na noite, fíxo o camiño en soidade, sentouse na estación e viu amencer.

Cando ela o mirou aos ollos, recoñeceu o seu medo, o medo á liberdade, e el sorriu para iluminar a súa mañá.

ANA ISABEL LÓPEZ LAHERA

CEIP Álvarez Limeses (Pontevedra)

O SOÑO PERDIDO

Maldixo o abrupto ouveo daquel lobo do amencer que, como cada mañá, chegou aos seus oídos rompendo o silencio da noite. Pero, nesta ocasión, non morreu o soño co ruído, seguía vivo na súa cabeza, dando voltas e máis voltas, nun remuíño que o facía entolecer. . .

—Anda, que chegas tarde ao colexio! Érguete xa!

Cando soou a voz da súa nai dende a cociña, os seus pés acariciaron a moqueta do cuarto e levárono ata o baño. De súpeto alí quedou sen respiración ao contemplar o rostro que o observaba dende o espello: non era a pel imberbe de días antes, non se recoñecía naquel aceno de sorriso, nin aquela mirada tiña o brillo que todos admiraban. . .

«Son cousas da idade», dixeran o seu pai, pero ninguén lle falara nunca do medo, da vertixe, da soidade, daquela desgana que o invadía de pranto por dentro.

Pola noite soñara co seu osiño de peluche, o que fielmente, durante os seus trece anos de vida, lle murmurara os máis suaves arrosos para durmir. Esa noite, co seu peluche, vivira no seu mundo perdido, o da ilusión, o da maxia, o da cor. . .

Cando saíu da casa aquela mañá, a súa nai despediuno, como sempre, cun sonoro bico na meixela e el, sen dicir palabra porque as ganas de chorar lle impedían abrir a boca, marchou con paso vacilante e o remuíño daquel soño axitando a súa mochila.

A SEDE

Cheguei canso á casa, tireime no sofá, prendín o televisor, cambiei de canles. Nunha delas o locutor berraba un pouco. Un par de homes coas facianas tapadas remataban a outro no chan con fusís de asalto. Supoño que avisarían antes de poñer esas escenas... , era noxento, era... , sentín a gorxa seca, a lingua torpe na boca. Apaguei o trebello e tentei pechar os ollos e deixar a mente en branco un chisco, pero tiña as imaxes alí. Fun á cociña a por un vaso de auga.

Estaba a enchelo cando comezou a soar o meu móbil. Agardaba a chamada de Pacho, se cadra era Pacho. Deixei o vaso e fun polo aparello. Era el. «Si, xa chegou? Claro que vou axiña, Pacho. Salgo para aló agora mesmo.» Sorrindo, collín a cazadora e, coa mesma, a porta. Baixei as escaletiras coa ledicia no corpo, coa inminencia dunha felicidade que xa agatunaba polo meu corpo.

Ás présas, crucei un par de rúas cara ao centro. Torcín na terceira a tempo de escoitar un berro. Unha muller de moitos anos ficaba no chan, san-grando pola fronte. Un mozo fuxía á carreira cun bolso na man mentres os poucos viandantes que pasaban abrían a boca; un home gritoulle algo, o tipo semellaba unha lebre. Outro home saíu dun bar, axeonllouse a carón da vella, unha muller comezou a falar por un móbil.

Decateime de que eu estaba alí, teso coma un pau, ollando todo coma nun soño. Sentín a gorxa seca, a lingua torpe na boca. Botei a correr. Corrí a toda présa, a canto podía, cara á casa. Corrí cara á casa ata ter nas miñas mans aquel vaso de auga que tiña que ter bebido antes de saír dela.

UNHA VIDA PARA COIDAR

Sincronicei amor e coidado. Con forza e dedicación, amparo un corazón que contra o reloxo loita por latexar. Meu pitiño, miña avoa, envolta na nenez da vellez, asoballada polos febreiros que lle pasan factura dunha vida escrava. Comezamos a rutina que a esperta do costume do sono.

Con primor, suspiro nas súas mans alento que lle sabe a vida, debuxándolle nas comisuras un ángulo de quince graos. Aloumiño a súa pel, bicada pola palidez que os anos lle presta. Pídlle unha aperta que a colga do meu pescozo para sentar ao pé da cama, cama que serve aos seus soños mentres os meus son velados. Cullerada a cullerada sorbe o leiteño que lle preparo, caseiro non é, pero sabe que é enxebre das mans que a coidan. Os seus dedos, adestrados por uns ollos nubrados, repenican nas costuras das escuras medias para atopar o seu dereito. Non o fai por medo as costuras, faino para acordar que un día non lle facía falta facelo.

Limpamos os ollíños. Encóllense coas cóxegas da auga. Din que os ollos son o espello da alma, os seus son arcas de sentimentos, gardan a lembranza da ilusión que a tivo en pé. A auga corre ata os beizos e entreméteselle aventurada. As dúas rimos dos asubíos, que saen da súa boca para atracalas, un tras outro máis baixo. Como non hei de ter paixón, se tanto esforzo non sopra abondo para fundir unha candeia. Daquela, sóprame a min un bico, faise forte na miña meixela, doce, moi doce. Doce, coma o calor da abada, un día deumo ela, hoxe doullo eu en aloumiños.

Coidado, todo se volve coidado, por un tempo que foi invertido en vida, por unha vida que agora lle teme ao tempo. Somos cómplices da dedicación, de coidar vidas, de amarnos.

LARANXA E CANELA

Noite de primavera. Chovía. Camiñaba amodo. As pingas de auga esva-raban unha a unha pola súa pel. Aterecida de frío, tentaba atrasar o inapra-zable. Sentía medo.

O intre chegou. Alí estaba, acugulada de xente que corría dun lado para o outro, sen levantar a vista dos seus pasos, a estación.

Ela arrastraba a maleta co que fora a súa vida nos últimos anos.

Sentada, tentaba secar as pingas coma se fosen aquelas bágoas que xa non sabían saír. Catro anos son moitos, pensaba. Sen mirar, sen rozar, sen aquel perfume que se lle amosa distante, a laranxa e canela.

Catro anos nos que só unha carta, que se tornaba amarela, mantivo as faíscas. Uxía líaa por derradeira vez. Coñecía cada verba, pero sempre necesitava volver a ela.

Cando un mes atrás decidiu volver, tamén a leu.

Agora, o tempo esgotábase co ritmo do avance do tren. Movíase. Nerviosa. Freou. Persoas caladas, inmóbiles, á espera. Ela.

Todos se achegaban á porta. Dentro, cheiro a incerteza, a curiosidade. Fóra, miradas de dúbida, de busca.

Baixou mirando sen mirar. Chegou á entrada, malia ter pasado entre cen-tos de apertas.

Parou. Que significaba que non estivese?

As cóxegas comezaron a invadila. Cóxegas que mudaron en bágoas por aquilo que parecía ser e non era. O mesmo que esa peza de quebracabezas que parece que encaixa, pero non.

Lembrou o último día que estivera alí. Era marzo tamén, xunto ao car-ballo daquel parque. Aquel lugar tornaba mellor para un deica.

Cando se decatou, as pernas levábana cara a alí. Lembraba cada anaco daquel paraíso.

Ficou naquela sombra, inda distante. Achegouse, cada vez máis amodo. Os pés pesábanlle. A sombra mudaba en silueta.

Sentado, coma sempre, observando o mundo cos ollos dun neno pe-queno e sorrindo.

E de volta, ese cheiro a laranxa e canela.

RUMBO A NINGURES

Sinto que estou na procura de algo, algo que é inevitable, que tamén me busca a min e que non se deterá ata atoparme. Percibo as miradas inad-vertidas dos transeúntes mentres camiño polas rúas da cidade, deténdome nos cruzamentos das estradas, reparando nos sinais, buscando polos cantos. Ollos que me observan, coñecedores dunha realidade para min insos-peitada, un destino ineludible.

Os camiños desaparecen, as opcións desvanécense na máis profunda es-curidade fronte a unha senda que me empuxa a percorrela sen máis equi-paxe que a emoción de descubrir algo extraordinario. Como compañía, a inseguridade de non alcanzar o final e determe na metade do traxecto, co ánimo de ter alcanzado un lugar seguro, entre o poder e o querer. De fondo, unha música que me transporta a ningunha parte, onde un é só vítima das súas emocións máis intensas, o tempo é inexistente e a vereza esvaécese.

Na terra advértense infinitas pegadas, vestixios da presenza anterior da-queles que foron seducidos pola mesma forza, prisioneiros da inquedanza de revelar un fado excepcional, sombras de imprecisos espectros que se-guiron a mesma estrada.

Miro ao meu redor coa intención de encontrar algún indicio de que a fin se aproxima, mais a resposta non chega, atópome envolvida no máis abso-luto silencio, unha incerteza que me bate ata ferirme no espírito.

Sen determe, comezo a sentirme présa do silencio, mais xa non me es-correnta. Nun instante as preguntas desaparecen, a consciencia de deixar atrás un largo camiño apodérase de min e ábrese ante os meus ollos un mundo por descubrir, a emoción de coller aire e continuar unha viaxe que non ten fin.

NORMALIDADE CONTEMPORÁNEA

A mañá ía sobrevoando os tellados e rumiaba entre as nubes tentando impoñer unhas finas raiolas que desen luz aos humanos que se esforzaran por madrugar. Eles dous xuntos arranxaron a casa, coma todos os días. Aínda non se ergueran os nenos e case tiñan todo recollido e listo para revisión. Sempre compartiran as tarefas dun xeito natural, sen problemas entre eles, dende que viviran naquel pisiño da avenida de Vigo, un curruncho de ratos que foi o seu primeiro fogar.

Mentres os nenos se vestían e almorzaban pecharon as ventás e acomodaron as camas. Gardaron as mantas no armario, pois xa non ía ese frío húmido que rompía as noites en anacos e obrigaba a taparlles as facianas sorprendidas aos rapaces cos contos de durmir, de durmir ben, a pesar do frío. Sorrían polo corredor cada vez que se cruzaban coas cousas nas mans, de aquí para alá, sen descanso. As olleiras da noite anterior ensombrecíanos cun pouco de tristura, pero non reducían o pulo organizativo daquela mañá especial.

Soou o timbre dúas veces e marcharon á cociña para saír cos nenos que agardaban inesperadamente preparados coas mochilas listas e a merenda do recreo no peto. Todos se achegaron á porta e os rapaces colleron coas súas pequenas mans o manubrio para abrila mentres eles suxeitaban as maletas e dúas bolsas cada un e miraban atrás para contemplar a vida ao redor daquel fogar que se esvaecía coma o fume dunha candeia.

–Nenos, saudade a todos cun sorriso amable nos beizos.

E saíron así, cos bos días, entre a estreiteza que lles deixaran os antidisturbios e o representante xudicial co embargo, coa xente indignada gritando e os xornalistas e as cámaras asubiando flashes. E, ao cabo, coa enteireza inconsciente dos desesperados.

CABALOS DO DEMO

Verán, preto do solpor: confusos e afastados ecos de malladoras e xornaleiros; a calor abafa. Coma entrando nun cadro paisaxista de Van Gogh, P. abre o cancelo e camiña pola lisa e esvaradía calva do carreiro que ten a pel batida e modelada, que súa e zumega frescura. Ao seu carón, fermosas e agarimosas bolboretas silandeiras, gavelas de herba que o aloumiñan, froitas augalladas que refrescan o seu padal, recendos da herba acabada de segar. Pola beira dereita, o arroio transcorre silandeiro e cristalino, mentres que, pola esquerda, os regos espárense a auga coma o sangue polas arterias, dando vida ao prado verdecente.

Á sombra dun bidueiro, P. atopa unha poza xeitosa, almofadada coa terra máis lene que endexamais se peneirou; afunde nela os lánguidos pés ata conectarse co elemento nai, tal un enxerto que loita por prender. Bafaradas de frescura ao unísono de fondas e vagarosas inspiracións-expiracións, percorren pausadamente o seu pequeno e feble corpo; permanece alí chantado, en perfecta fusión e harmonía, formando un todo, sen intromisións, escoitando ao mundo, preguntando, respondendo, deixando voar o seu maxín... De súpeto, entre lusco e fusco, aparecen coma raios desafiantes, chispeantes, tesos, lixeiros, executando vertixinosas, estrafalarias, desconcertantes e insospeitadas piruetas, coas súas fermosas cores flúor do arco da vella, segundo a radiación electromagnética dese intre.

P. despréndese bruscamente da vea cava; agora xa corre forte e veloz, pero tamén temeroso, a contracorrente, coa axuda das vellas facendo no caldo das silveiras, que o guían e lle murmuran: «Devagar, devagariño...».

O cancelo quedou aberto. Mañá, pasado, días, meses, anos despois seguirá a ver e escoitar os cabalos do demo. Sempre están aí. Ulos?, quen son?, que queren? Calquera día pode que ti tamén os vexas, mais non perdas coidado: adoitan aparecer baixo diferentes formas!!

A Pepiño

O GARDA DO TEMPO

«Eu vivo no presente.» Esa foi a derradeira frase da miña moza antes de deixarme polo veciño do terceiro. Teríame encantado responderlle que ningún vive no presente, porque o noso cerebro tarda oitenta milisegundos en percibir os eventos que suceden na realidade, polo que sempre vivimos nun momento do pasado. Porén, quedei parado no limiar do edificio, coa mandíbula inferior colgando e a estraña sensación de que o tempo se detivera. Aínda tardei algúns días en decatarme de que este xa levaba estancado varios meses, dende que a nosa relación comezara.

Para vingarme da moza, pensei en construír un vehículo que viaxase á velocidade da luz, para marchar durante dez minutos e volver dentro de vinte anos, e así lle botaría na cara que a que vive no pasado é ela. Pola contra, o que fixen foi establecer un estrito horario de apertura e peche do meu pequeno negocio co obxectivo de, polo menos, aforrar algo de tempo para compensar todo o que perdera.

Foi unha noite de maio cando a miña perspectiva virou por completo. Eu estaba a piques de pechar a miña tenda, xa na rúa coas chaves na man, cando un home se achegou correndo a min, deixando un ronsel de pétalos caídos das árbores voando tras de si.

–Espere! Xa pechou? –preguntou, bufando.

–Volva mañá –suxerínlle amablemente.

–Por favor, non lle roubarei moito tempo –insistiu.

Suspirei.

–Xa me roubaron bastante, o furto prescribiu e eu nunca recuperarei a mercadoría.

–Para mercadoría a que quero mercarlle, amigo. Mañá é o aniversario de...

–Non teño tempo –sentenciei, interrompéndoo.

O home ficou abraiado ante a miña afirmación, reacción que fixo que tamén eu quedase un intre en tensión, confuso. Finalmente, negou coa cabeza.

–Xamais pensei que coñecería un reloxeiro que non ten tempo.

O LÓSTREGO

Chámome María Táboas Rei e teño trinta e dous anos. Como todos os días, a iso das cinco, collo o bolso e as chaves e pecho a porta da casa, preto hai un parque, un lugar ideal para desconectar e facer exercicio, e de paso aproveito para pasear o can.

Cando chegamos, o tempo comeza a mudar, aparecen uns nubeiros e a soprar o vento.

En cuestión de minutos o parque queda deserto, penso tamén en marchar antes de que comece a chover, mais como Rodolfo, que así se chama o meu cadelo, non está polo labor, decido dar unha volta antes de liscar para a casa.

De súpeto, sinto un lóstrego e un trono e moita calor. Rodolfo, mentres tanto, desaparece, busco o can durante horas, cando por fin o atopo, non parece recoñecerme, ou quizais si, pero non me escoita, igual o trono o deixou xordo. Chamo por el, e pasa veloz como un raio á beira miña, pero sen deterse, vexo que colle o camiño da casa, segue ignorándome totalmente.

Atópome coa veciña, que tampouco me saúda. Que raro! Co que lle gusta latricar a esta muller.

Cando Rodolfo chega á casa, métese na súa caseta sen sequera probar a comida, ouveando todo o tempo. Que diantres lle pasa a este chucho?

Entro na casa e acendo a tele, están coas noticias: «Un trágico accidente debido a un raio deixou sen vida unha muller no parque de Sigrade, na provincia de Pontevedra. A muller, totalmente carbonizada, puido ser identificada pola documentación que levaba no bolso, trátase de María Táboas Rei, e tiña trinta e dous anos».

ÍNDICE

PRIMARIA	9
Gañador:	
Teo Domínguez Barreiro, A LONGA ESPERA	11
Finalistas:	
Noa Abad Castro, VAIA DESCOIDO!	12
Aroa Alonso González, O BONECO MÁXICO	13
Adriana Barros García, QUE MEDO!	14
Miguel Bouzas Rodríguez, A DAMA DO MAR	15
Anxo Cambados Costa, A BUSCA	16
María Castellano García, OS SEIS	17
Ana Belén Castro Pazos, CANTOU O CUCO NA MURALLA DE LUGO	18
Paula Domínguez Barreiro, ESCURIDADE	19
Kedus José Dueñas Ramallo, VIAXE AO CENTRO DO CEREBRO	20
Mariña Fernández Buceta, UNHA VIDA DE PELÍCULA	21
Abel Fernández Meira, O FEITIZO	22
Irene Ferreira Vidal, AMARGA DOZURA	23
Juan Ferreira Vidal, A SORPRESA	24
Fabián Freire San Luis, AVENTURAS POLOS MARES	25
Rita García Figueira, O BIG BANG DA COCIÑA GALEGA	26
Sara Giráldez Casal, UN DEPORTE ESPECIAL	27
Raúl González Dasilva, A MALETA DUNHA SUPERMODELO	28

Sergio González Eidón, INVESTIGACIÓN PROVEITOSA	29
Sofía Gutiérrez Pereira, BARTOMEU PATASECA	30
Pablo Loureiro Montenegro, O ENCONTRO DE CENTELLA CON PALOMA	31
Jacobo Martínez Carragal, O GRAN MISTERIO	32
Roi Martínez García, UNHA VALIOSA LECCIÓN	33
Andrea Melón Amoedo, A NOITE DE SAN XOÁN	34
Sofía Molares García, AVENTURA NA CASA	35
Ismael Orge Sousa, O ACCIDENTE	36
M. ^a Candelaria Panadero Dios, O XOGO E A AVENTURA ESTÁ NA LECTURA	37
Rocío Paz Pichel, O SOÑO DUNHA NENA GALEGA	38
Raquel Pedormo Durán, A GALIÑA PRESUMIDA	39
Elsa Pena Vicente, A BRUXIÑA QUE PERDERA OS SEUS RECORDOS (...)	40
Jordi Riveiro Rivas, UN PEIXE DIFERENTE	41
Irai Rodríguez Fernández, OS SÚPER «PODERTROSOS»	42
Lucía Rodríguez Otero, AS NOTAS	43
Alba Romero Fernández, FICCIÓN OU REALIDADE	44
Diego Santiago Martínez, SALVANDO O BOSQUE MARABILLA	45
Javier Sarmiento Liébanas, PASOU UNHA VEZ NUN BOSQUE...	46
Tamara Sieiro Pereiras, VAGALUME	47
Marta Simón Reboredo, O GAITEIRO DE LIMAS	48
Mario Villot Lago, O SOÑO DE MIGUEL	49
Sergio Viñas Ríos, XOÁN, O AVENTUREIRO	50

SECUNDARIA	51
Gañador:	
Santiago Esperón Abril, ACURRALADA	53
Finalistas:	
Ana Belén Aboy López, PESADELO	54
Mariña Area Falcón, A PORTA MÁXICA DO ARCO DA VELLA	55
Yelena Capllonch Rodríguez, ENTRE CINZAS	56
Olalla Castrillo Sánchez, AVENTURAS ENTRE CONTOS	57
Virginia Estévez Suárez, FOISE CO SANGUE	58
Sara Faro Lubiáns, BAIXO A PEL	59
Xián Faro Rodríguez, É ELA	60
Inés García Figueira, A CASA DAS PORTAS	61
Andrea González Álvarez, SAE DA MIÑA VIDA	62
María González Blanco, O ESTRAÑO CASO DE MARTIÑO	63
Laura González Ibáñez, BÁGOAS TRAS A NÉBOA	64
María González Rodríguez, A MÁQUINA Á QUE LLE GUSTABA CORRER	65
Lydia Lorenzo Cisneros, A VERDADEIRA HISTORIA DAS CORES	66
David Maestú Vázquez, O ENTERRADOR	67
Alba Mato Búa, SEN RECORDOS	68
Elvira Fe Nercellas Rodríguez, A BRUXA	69
Antía Otero González, BADALADAS	70
Ainhoa Pereira García, A TORRE DO RELOXO	71
Lucía Piña Moreira, SOCORRO!!!	72

Efi Prieto Campos, A CAZADORA DE PEL	73
Nerea Puíme Martínez, VER	74
Patricia Riveira Magán, SOÑOS	75
Ángel Rodríguez Abuín, O LEÓN E A LEBRE	76
Irene Rodríguez Amoedo, A MENTIRA VISTE DE MARCA	77
María Torres Barreiro, MIÑA	78
Paula Vázquez Blanco, ESPERTEI	79
Mariña Vázquez Mosquera, NINGURES	80
BACHARELATO/FP	81
Gañadora:	
Noelia Parracho Rial, UNHA PALABRA	83
Finalistas:	
Carmen Ansín Vallejo, DÍA, NON SEI CAL, DO MES, NIN ME ACORDO	84
Sara Caride Blanco, TRAS O CRISTAL	85
Mirelly Lizbeth Chafloque Ludeña, ATRAPADA	86
Carmen Cuervo Martínez, ARROGANTEMENTE IMPERFECTO	87
Elba García Penas, OITO	88
Sabela Juncal Vidal, SOBRE AS ESTRELAS E OS SOÑOS	89
Amalia Martínez Blanco, MALIA	90
Mónica Mella Maqueira, O PAZO	91
Beatriz Pereira Expósito, EN APUROS	92
Eduardo Ramos Novoa, NÉBOA	93

ADULTOS	95
Gañador:	
José Ramón Vilas Costas, VICHES QUE PREZOS?	97
Finalistas:	
Claudia Alonso Alonso, VOAR CO VENTO	98
Alba Alonso Torreiro, VIBRACIÓNS DISONANTES	99
Manuel Álvarez Álvarez, OS SENTIMENTOS XOGAN AOS AGOCHOS	100
Isabel Barreiro Quibén, DESACOUGO	101
José Manuel Domínguez Ventín, TARDE DE CHOIVA	102
Celia Durán Abollo, O MELLOR DOS AGASALLOS	103
José Manuel Fernández González, UN MAL TOURO	104
María Rita González Sestelo, O PACTO NUPCIAL	105
Vanesa Olga Grandal Barreiro, PREXUÍZOS	106
Marta Larrán Costas, E LOGO, TI QUE QUERES SER?	107
Ana Latorre García, CEIBE SON	108
Ana Isabel López Lahera, O SOÑO PERDIDO	109
Manuel Pérez Lourido, A SEDE	110
Emilia Rivera Costas, UNHA VIDA PARA COIDAR	111
Sabela Seoane Lorenzo, LARANXA E CANELA	112
Judith Souto Valiñas, RUMBO A NINGURES	113
Fernando Tomé Rodríguez, NORMALIDADE CONTEMPORÁNEA	114
Esther Varela Pol, CABALOS DO DEMO	115
Sara Vidal García, O GARDA DO TEMPO	116
Teresa Tielas Rodríguez, O LÓSTREGO	117



A Federación Provincial de ANPA de Pontevedra
agradece a colaboración do xurado
na escolla rigorosa dos gañadores e finalistas:
Xosé Ballesteros Rei, Adolfo Caamaño Vázquez, Francisco Freire Vila,
Xosé Manuel González Barreiro (Oli), Chema Heras Varela,
Xosé Monteagudo Folgar, Concepción Pérez Cerdeira e Xosé A. Pérez López
así como a participación de Fina Casalderrey.

Igualmente, agradécelles ás institucións e empresas colaboradoras
a súa achega imprescindible:
Concellaría de Normalización do Concello de Pontevedra,
Departamento de Cultura da Deputación Provincial,
Kalandraka, ASM Mensavedra, Diario de Pontevedra, Abanca e Gadis.



kalandraka



Diario de Pontevedra

//ABANCA

GADIS



Edita:
Federación Provincial de ANPA de Pontevedra (FANPA), 2015
Rúa de Xan Guillermo, n.º 9 - 36002 Pontevedra
www.nontedurmas.org
info@nontedurmas.org

Deseño e produción:
Kalandraka Editora, S.L., 2015
Rúa de Pastor Díaz, n.º 1, 4.º A - 36001 Pontevedra
www.kalandraka.com

Ilustración de cuberta: Marc Taeger, 2014

Impresión e encadernación: Gráficas Anduriña, Poio
DL: PO 293-2015

